

GALICIA^{TIME}SPORT[®]

LA PUBLICACIÓN DEL DEPORTE GALLEGO

CAMPIÓNS EN TERRA GALEGA





**Granitos
Carballido**

La Naturaleza
a sus pies

Tlf.: 670 063 544

POLÍGONO INDUSTRIAL DE MATELA S/N
27150 OUTEIRO DE REI, LUGO
EMAIL: contacto@granitoscarballido.com
WWW.GRANITOSCARBALLIDO.COM



REY ALUMINIOS

**TODO TIPO DE CARPINTERÍA EN ALUMINIO
ACRISTALAMIENTO Y PERSIANAS**

Parque Empresarial Pereiro de Aguiar, Vial Principal - Parcela 26
OURENSE

T. 988 220 517 • 988 239 935 • 626 010 217
info@aluminiosrey.com

[CONTENIDO]



FÚTBOL



MÁS DEPORTE



MOTOR

STAFF

EDITA

JL PUBLICACIONES S.L.

E-MAIL: INFO@JLPUBLICACIONES.COM

WEB: WWW.JLPUBLICACIONES.COM

DIRECCIÓN

JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ

REDACCIÓN

ÁLVARO ALDREY

MAQUETACIÓN Y DISEÑO

ANDRÉE MONTESINOS

PUBLICIDAD

MERY TENREIRO
CRISTINA OTERO
LORENA ARIAS
SALVADOR GONZALEZ

ADMINISTRACIÓN

EVELIN RUBERTE

COLABORADORES

PILY PARDO
DONATO GAMA
RAÚL INFANTE
JORGE URIACH
FERNANDO BLANCO
JORDI URIACH

FOTOGRAFÍA

CESIÓ CLUBES



Depósito legal: C-1555-2018

GRACIAS

QUEREMOS DAR LAS GRACIAS A TODOS NUESTROS LECTORES POR LO CUAL HEMOS ALCANZADO TAN ALTA CUOTA DE PARTICIPACIÓN EN LAS REDES SOCIALES.

HEMOS SUPERADO LAS 550.000 IMPRESIONES ENTRE LAS 3 REDES SOCIALES.

J.L. PUBLICACIONES S.L. informa que: Al amparo del Art. 32.1 de la Ley de Propiedad Intelectual, queda totalmente prohibida la reproducción total o parcial de artículos, fotografías y anuncios de esta publicación, sin autorización escrita de la Editorial. La Editorial no se responsabiliza de las opiniones, fotos y contenidos de sus colaboradores.

Si deseas expresarnos tu opinión sobre nuestros números, comentarnos alguna sugerencia o te interesa encontrar algún tema en especial, por favor, háznoslo saber en la dirección de correo electrónico: info@jlpublicaciones.com

Síguenos en www.timesport.eu y en las Redes Sociales:



HUMEDADES - FRIO - CALOR

TODO TIENE SOLUCIÓN

VENTA Y APLICACIÓN EN TODA GALICIA

DECÍDASE POR LO CONOCIDO Y SEGURO

TEAIS
www.teais.es

981 60 21 11
986 37 42 11
988 21 40 42
982 65 00 25

4 Ventos

Café  Bar 



TOSTAS

PLATOS COMBINADOS

SÁNDWICHES

TAPAS



986 830 070



www.4ventosbar.es



@4ventosbar



4ventosbar@gmail.com



Ctra. Valladares, 412 (La Garrida) - VALLADARES - 36315 - Vigo

FÚTBOL



RC CELTA: AMBICIÓN, ESTABILIDADE E FUTURO EN XOGO

O primeiro equipo afronta o tramo final do curso con aspiracións reais de clasificarse para a Europa League.

O RC Celta chega ás últimas xornadas de LaLiga EA Sports situado na sétima posición, que actualmente dá acceso á Conference League. Con todo, a loita é apertada e a igualdade na zona media alta da clasificación obriga o equipo de Claudio Giráldez a manter a máxima concentración se quere consolidarse en postos europeos ou incluso aspirar á Europa League.

A derrota recente ante o Espanyol en Balaídos (0-2) freou a boa dinámica, pero o Celta conserva intactas as súas opcións. Por diante, agardan retos inmediatos de altura: partido en Balaídos ante o Villarreal (23 de abril) e duelo ante o Real Madrid (4 de maio). A baixa de Carl Starfelt por lesión é importante, pero o grupo confía na súa profundidade e identidade competitiva. Entre os nomes consolidados no primeiro equipo destacan Pablo Durán, Carlos Domínguez e Hugo Álvarez, todos eles con pasado recente no filial e agora parte fundamental do vestiario celeste.

CELTA FORTUNA: IDENTIDADE E FORMACIÓN

O filial do Celta, o Celta Fortuna, mantén o seu camiño na Primeira Federación con resultados irregulares pero cun traballo formativo sólido. Máis alá da clasificación, o equipo cumpre co obxectivo de desenvolver xogadores e competir con personalidade propia.

A vitoria recente ante o Barça Atlètic (3-1) deixou boas sensacións e reafirmou a calidade dunha xeración que continúa progresando en A Madroa.



“Tu salud nos importa”

Asesoramiento nutricional:

- Nutrición saludable.
- Sobrepeso y obesidad.
- Incremento de peso.
- Nutrición infantil, adolescencia, embarazo, adulto y tercera edad.
- Alergias e intolerancias.
- Vegetariana y vegana.
- Dietoterapia: hipertensión, diabetes, hipercolesterolemia e hipertrigliceridemia, alteraciones gastrointestinales, cardiopatías, gota, alteraciones renales, déficits vitamínicos.

Estudios de Sarcopenia.

Charlas de educación nutricional.

Nutrición deportiva

Patología digestiva

Nutrición infantil

Estudios y reequilibrio de composición corporal

www.jennifercores.com

info@nutricionjennifercores.com

Jennifer Cores

Col. GA00164



649 326 782



Nº Registro Sanitario: C-36-003534

Centro de Asesoramiento nutricional Jennifer Cores: Plaza de Galicia, 5 - 2ºB - Villagarcía de Arosa - Pontevedra.



AS CELTAS: PROMOCIÓ EN XOGO

O equipo feminino do RC Celta, coñecido como As Celtas, ocupa a terceira posición e sitúase en postos de promoción de ascenso á Segunda Federación. O equipo está a vivir unha tempada sólida, con resultados destacados como o recente 4-1 ante o Sporting Gijón B.

Tamén consta oficialmente un 0-6 ante o CD Romanón, pero este marcador corresponde a un resultado federativo tras a retirada do equipo asturiano da competición. A boa dinámica das viguesas mantén vivo o obxectivo de loitar polo ascenso.

CANTEIRA: UN DERBI CON NOTA E UN FINAL APAIXONANTE

O Xuvenil A do Celta, dirixido por Alberto Suárez, chega ás dúas últimas xornadas da División de Honra a un só punto do liderado, nun final de tempada cargado de emoción. O equipo colocouse líder tras vencer no derbi galego ao Deportivo na casa do rival (1-2), pero perdeu a primeira praza a semana seguinte ao empatar ante o Pontevedra en A Madroa.

A igualdade no alto da clasificación mantén as opcións abertas para un grupo que está asinando unha gran tempada e demostra, unha vez máis, a forza da canteira celeste.

UN CLUB EN MOVIMENTO

A estrutura deportiva do RC Celta amosa músculo competitivo: o primeiro equipo na loita por Europa, un filial ben asentado, un equipo feminino en postos de promoción e un xuvenil aspirando ao título. O presente e o futuro camiñan da man en Vigo, onde a ambición deportiva mantense viva en todos os eidos.



Italia

Bar • Restaurante • Pizzería • Asador

Tel.: 986 53 19 20
Rúa Hospital, 15
36630 Cambados - Pontevedra

VALENTES EN BARCELONA: O CELTA CAE CON ORGULLO E SINAIS DE FUTURO

Os celestes estiveron preto de asaltar Montjuic tras un partidazo que confirma o potencial do equipo.

O RC Celta estivo a punto de protagonizar unha das grandes fazañas da temporada. No Olímpico de Montjuic, ante o FC Barcelona, os de Claudio Giráldez perderon por 4-3 nun encontro cheo de emoción, polémica e tamén de moitas razóns para o orgullo. O resultado non fixo xustiza ao que se viu sobre o terreo de xogo, especialmente durante unha primeira hora na que os olivícos mandaron con autoridade e chegaron a colocarse cun sorprendente 1-3 no marcador.

O gran protagonista foi Borja Iglesias, que asinou un hat-trick memorable e confirmou que, en forma, é un dos atacantes máis determinantes do fútbol español. O dianteiro compostelán, cedido polo Real Betis, está a demostrar un nivel tan alto que ninguén descarta a súa continuidade definitiva en Vigo a partir do próximo verán.

Pero non todo foron boas novas. O Celta encaixou o cuarto gol no tempo engadido, superados xa os sete minutos sobre o 90, nunha prolongación que moitos consideran excesiva. A acción que derivou no penalti do 4-3 foi especialmente rigorosa, e para máis inri, no treito final do partido, co marcador aínda empatado, o colexiado non sinalou como pena máxima un claro manotazo do gardameta polaco do Barça, Wojciech Szczęsny, sobre Óscar Mingueza. A indignación no banco vigués foi evidente, e a polémica estivo servida.

Malia a derrota, o encontro deixou moitas lecturas positivas. Ata seis xogadores da canteira partiron como titulares, evidenciando o excelente traballo da fábrica de A Madroa. Non se trata só de cubrir baixas por necesidade,



senón de construír un proxecto sólido baseado no talento propio. Este Celta, novo e valente, deixa a sensación de que o mellor aínda está por chegar. O celtismo pode sentirse orgulloso. Non todos os días se planta cara con esta personalidade nun estadio como o do Barça. E aínda que o resultado non sorrise, a mensaxe é clara: esta entidade xa está preparada para grandes cousas.

LA BOLERA
Café

Mão que una Bolera!

Arenal, 52 - Vigo
986 952 240

Noches Bolera

IMPERNOROESTE, S.L.L.



669.40.67.29 (Victor)

*Distribuidor y aplicador
autorizado de:*

POLIBREAL®



Impermeabilizamos:

Terrazas, canalones, depósitos de agua,
piscinas, fosos de ascensor, muros, fachadas...

Lavamos:

Tejados, Cubiertas, Fachadas...

www.impernoroste.com

Ctra do Porriño N°31
36817 Redondela
PONTEVEDRA



602.61.09.49 (Linea 1)

986.40.09.16 (Linea 2)



impernoroste@gmail.com

BORJA IGLESIAS RUXE CON FORZA: O PANDA VOLVE SER DECISIVO

O compostelán suma 8 goles e reivindicase como unha das grandes referencias ofensivas do fútbol nacional.

Borja Iglesias está a vivir o seu mellor momento desde que regresou a Vigo o pasado verán. O Panda, como é coñecido no mundo do fútbol, suma xa 8 goles nesta edición da Liga EA Sports, incluíndo un hat-trick imponente no Estadi Olímpic de Montjuïc fronte ao líder do campionato e semifinalista da Champions League, o FC Barcelona. Con 32 anos, o dianteiro galego está demostrando que aínda ten moito que ofrecer no máis alto nivel competitivo. Formado na canteira do Atlético Fátima de Santiago de Compostela, Borja destacou xa desde moi novo e fichou polo Valencia, onde aumentou a súa formación durante tres anos, pasando tamen posteriormente á canteira do Villarreal, onde estivo outros tres cursos. Xa no 2012 chegou ao filial celeste, o Celta B, onde chegou a bater rexistros históricos en Segunda B. A súa traxectoria profesional levouno a clubs como o Real Zaragoza, o RCD Espanyol ou o Real Betis Balompié, sempre deixando pegada pola súa capacidade goleadora, a súa personalidade dentro e fóra do campo e unha ética de traballo irreprochable. A súa volta a Vigo este curso, en calidade de cedido polo Betis, foi recibida con entusiasmo por parte do celtismo, mais poucos podían imaxinar un rendemento tan inmediato e brillante. Borja non só está a marcar goles, senón que tamén exerce de referente ofensivo, fixando centrais, abrindo espazos e liderando a presión alta dun equipo novo e ambicioso que mira cara o futuro con ilusión.

O seu contrato de cesión non inclúe opción de compra, polo que o futuro de Borja Iglesias será unha das carpetas prioritarias no mercado de verán. Marco Garcés, director deportivo do RC Celta, xa está a traballar no caso, consciente de que o tempo xoga en contra e de que o nivel do xogador chama a atención



doutros clubs. Con todo, a vontade do futbolista e o vínculo emocional con Vigo poderían xogar un papel determinante.

Borja Iglesias sempre foi un goleador empedernido. Os seus rexistros e a súa traxectoria dan fe diso. Pero agora, no que moitos poderían considerar a madurez da súa carreira, está a demostrar que a súa mellor versión aínda pode estar por chegar. Vigo vólvese ilusionar co Panda, un xogador que nunca esqueceu de onde vén e que agora, máis que nunca, representa o espírito dunha afección que sempre soñou con velo triunfar na casa.



Ofrecemos nuestros servicios a todo tipo de vehículos en la zona de Pontevedra. Nos especializamos en la revisión, mantenimiento y reparación de vehículos industriales y ligeros.

Pol. Ind. As Cándaras, Nave 1 | 36418 Atios - Porriño (Pontevedra) | T. 986 343 905

www.tallerporrino.com



RESTAURANTE - MARISQUERÍA



El Restaurante Basilio Toralla es una de las instituciones culinarias que tenemos en Galicia. Fundado en 1954 frente a la playa de Canido es desde entonces una referencia para la gastronomía atlántica, tan rica en pescados y mariscos.

Nuestro objetivo es dignificar el prestigio de la cocina tradicional de la tierra y de los productos gallegos y para ello seleccionamos cuidadosamente cada día lo mejor de los mercados y lonjas para llevarlo a tu mesa.

Nos especializamos en arroces y fideos con carabineros y vieiras, guisos de pescado y pescados al horno de brasa. Recetas que mantenemos desde nuestra fundación.



Playa de Canido, 217 | Tel.: 986 490 061 | 36390 Vigo · Pontevedra

O RC CELTA E UNHA TEMPADA DE ESCÁNDALOS ARBITRAIS: CANDO A INJUSTIZA DEIXA DE SER CASUALIDADE

Da Copa no Bernabéu ao último agravio no Olímpico de Montjuic. O club vigués acumula decisións en contra que condicionaron partidos, eliminatorias... e unha tempada enteira.

Hai veces en que os erros arbitrarios poden entenderse como parte do xogo. Pero cando se repiten unha e outra vez, sempre no mesmo sentido, sempre prexudicando ao mesmo equipo, o que antes parecía casualidade convértese nun patrón evidente: inxustiza sistemática. Iso é exactamente o que está a vivir o RC Celta na tempada 2024-2025, marcada por unha cadea de arbitaxes escandalosos que condicionaron resultados e minaron a confianza na competición. O episodio máis grave tivo lugar en xaneiro, no Santiago Bernabéu, nun partido de Copa do Rei que entra de cheo na historia negra do fútbol español recente. O Celta estaba a competir de ti a ti co Real Madrid cando sufriu unha serie de decisións arbitrarias inxustificables. Con empate no marcador, Lunin cometeu un penalti clarísimo sobre Williot Swedberg, non sinalado polo colexiado e, para maior escándalo, o contragolpe desa mesma xogada acabou en gol do Madrid. O VAR, unha vez máis, brillou pola súa ausencia.

Tampouco se sinalou unha acción gravísima de Endrick, que pisou de forma evidente o talón de Carl Starfelt. Era xogada de vermello directo, pero non houbo nin falta. E xa na prorroga, co 2-2 no marcador, produciuse outra acción clave: unhas mans claras de Rüdiger dentro da área quedaron sen castigo, anuladas por un suposto fóra de xogo de Jonathan Bamba. Pero aquela acción, revisada polo VAR, non deixou ningunha imaxe visible. En Vigo aínda se agarda pola repetición que nunca apareceu na retransmisión.

E cando semellaba que o máis grave xa quedara atrás, chegou outro golpe. No Estadi Olímpic Lluís Companys, fronte ao FC Barcelona, o Celta fixo un partido brillante, chegou a gañar 1-3 e mereceu puntuar. Pero no treito final, sete minutos de engadido sen explicación e un penalti extremadamente rigoroso deron lugar á remontada culé. Aínda máis: co marcador empatado, Szczęśny




cometeu un penalti clarísimo sobre Mingueza cun manotazo na área... e nada. Outra vez, o VAR calou. Outra vez, contra o Celta.

Non foron casos illados. A tempada está chea de exemplos: un gol mal anulado ante o Valencia, unhas mans non sinaladas ante o Athletic, accións dubidasas fronte ao Girona ou o Betis... todo suma. Todo resta. E todo desgasta.

Este Celta, valente e construído con moito talento da casa, está a competir con orgullo, pero non pode loitar tamén contra os que deberían garantir a xustiza. A afección xa non agocha a súa indignación, porque non se pide trato de favor, só igualdade. Nin máis nin menos.

A Liga precisa transparencia. O VAR debe servir para corrixir, non para ocultar. E o RC Celta, que tantas veces calou con dignidade, xa merece que alguén levante a voz por el.



Rúa Reiseñor, 14

36205 - Vigo

Telf. 986 252 441 - 669 786 657



La Burguesa
C/Travesía de Vigo,
nº14, Lavadores,
36.206, Vigo

TEL. 886 14 23 24

COCINA ABIERTA TODO EL DÍA



@LA_BURGUESA_VIGO

O RENACEMENTO DE ILAIX EN VIGO: UNHA APOSTA QUE PODE SAÍR BARATA

O Celta valora exercer a opción de compra, cifrada en 6 millóns, polo mediocentro máis en forma da liga.

O fútbol, como a vida, está feito de segundas oportunidades. E nese camiño de redención, poucos nomes brillan tanto esta tempada como o de Ilaix Moriba. O mediocampista, propiedade do RB Leipzig, está a completar un ano sobresaínte en Vigo, onde encontrou o espazo, a confianza e a continuidade que levaba anos buscando. O RC Celta, consciente do diamante que ten entre mans, valora seriamente pagar a opción de compra estipulada en seis millóns de euros. Unha cifra que, lonxe de parecer excesiva, podería ser considerada unha verdadeira ganga no mercado actual.

Moriba, con apenas 22 anos, pasou de ser unha das grandes esperanzas da canteira do FC Barcelona a vagar sen rumbo entre cesións e banquiños. A súa saída do club azulgrana foi tan sonada como cuestionada: forzou a súa marcha rumbo a Alemaña en 2021, cando o Leipzig abonou 16 millóns de euros polo seu traspaso. Pero a adaptación ao fútbol alemán non foi sinxela, e os seguintes capítulos da súa carreira —Valencia, Getafe— semellaban confirmar que aquela promesa precoz estaba quedando en nada.

Ata que apareceu o Celta. Ou mellor dito, ata que apareceu Claudio Giráldez. O técnico celeste, coñecedor do potencial do xogador, converteuse no gran artífice da súa recuperación. Deulle confianza, posición, minutos... e o resultado está á vista: un centrocampista físico, maduro, intelixente e comprometido, que levou o mando do equipo en moitos tramos da tempada. Ilaix soubo responder cunha versión que poucos agardaban ver a estas alturas, e converteuse nun dos mediocampistas máis valiosos do fútbol español. A súa madurez sorprende, sobre todo tendo en conta que aínda non pasou dos 22 anos. En Vigo atopou paz e tamén motivación. Non é só un futbolis-



ta mellor, é un xogador máis completo, e probablemente máis profesional. O seu rendemento está a ser clave, e no Celta saben que ter un activo así por seis millóns é unha oportunidade de mercado que non se presenta todos os días. Agora ben, se o club non puidese asumir esa cantidade, tentará polo menos estender a súa cesión un ano máis. O vínculo emocional entre xogador e club é forte, e tanto Claudio como o propio Ilaix verían con bos ollos prolongar esta alianza que está a dar tan bos froitos.

En tempos nos que a aposta polo talento mozo acostuma custar cifras desorbitadas, o Celta ten diante unha oportunidade: consolidar no seu proxecto a un futbolista que demostrou que quere triunfar en Balaídos. E, sobre todo, que está preparado para ser importante no presente e no futuro do club.



Berma

Cerrajería y seguridad.

EMERGENCIAS
649 666 655
24 HORAS






ALTA SEGURIDAD Y ESPECIALIZADOS EN CERRAJERÍA DEL AUTOMÓVIL

LO IMPORTANTE ES SU SEGURIDAD



CONTROLES DE ACCESO PARA
 COMUNIDADES • EMPRESAS
 INSTITUCIONES • HOGARES









VIGO: C/ Brasil nº 27 - Telf.: 986 41 83 25 • O PORRIÑO: Urb. El Sol nº 23 - Telf.: 986 337 407

www.cerrajeriaberma.es • berma@cerrajeriaberma.es



- ✓ COCINA TRADICIONAL
- ✓ ESPECIALIDADES
- ✓ MENÚ DEL DÍA
- ✓ COCIDO GALLEGO
- ✓ CORDERO ESTOFADO
- ✓ CHULETILLAS DE LECHAZO
- ✓ PULPO A LA GALLEGA
- ✓ TAPAS VARIADAS
- ✓ SÁNDWICHES
- ✓ HAMBURGUESAS

 **669 43 26 90**

 **C/ URZAIZ, 21
36201 VIGO**

 **www.cafeteriaderby.com**

 **eusebio@cafeteriaderby.com**

**TODO REGADO CON EL
MEJOR VINO DE
LA RIBERA SACRA MENCÍA
DE ADEGA FONTAO**

**FABADA ASTURIANA
(POR ENCARGO)**



ALFON GONZÁLEZ: CANDO O TALENTO NON ATOPOU RESPOSTA NOS DESPACHOS

O manchego está a asinar unha tempada sensacional co primeiro equipo, pero todo apunta a unha marcha.

Poucas historias resumen tan ben a combinación entre mérito deportivo e erro directivo como a de Alfon González en Vigo. Chegado ao RC Celta no verán de 2020 para reforzar o equipo filial, o extremo de Albacete foi crescendo con discreción pero firmeza ata gañarse, sen facer ruído, un oco no primeiro equipo. E nesta tempada 2024-2025, Alfon non só se asentou: está a rachar os moldes, con actuacións brillantes que o puxeron no radar de clubs importantes do fútbol español.

Con todo, mentres Alfon medraba no campo, desde os despachos da dirección deportiva celeste non se moveu ficha con axilidade. A súa renovación foi quedando no caixón, adiada unha e outra vez ata que a súa explosión xa era un feito consumado. Cando o seu nome comezou a soar con forza e o seu rendemento xa non deixaba lugar a dúbidas, era tarde. O Sevilla, que levaba tempo peiteando o mercado de xogadores libres, moveuse con rapidez e todo apunta a que o acordo é total para que Alfon chegue gratis a Nervión o 1 de xullo. Só unha sorpresa de última hora evitaría unha marcha que, para moitos, xa está sentenciada.

A afección celeste vive esta situación con decepción e enfado. Non só pola perda deportiva que supón, senón polo xeito en que se desenvolveu. Alfon foise gañando a pulso un sitio no vestuario e no corazón da bancada, e os seus esforzos non atoparon a resposta merecida nos despachos. O que podería terse solucionado cunha renovación anticipada e xusta, converteuse nun fracaso clamoroso da dirección deportiva que dirixe Marco Garcés.



Aínda así, se algo define a este xogador é a súa mentalidade. Desde que o seu futuro comezou a vincularse ao Sevilla a comezos de abril, lonxe de baixar o rendemento, seguiu xogando ao seu mellor nivel. A presión non vai con el, e amosa semana tras semana que está comprometido co escudo do RC Celta ata o último segundo da tempada.

Na súa marcha, se se confirma, deixará moito máis que un baleiro no campo: deixará a sensación amarga de que o club perdeu unha xoia que tiña na casa e que non soubo conservar.



Comida casera en tapers



Duración de hasta 14 días en la nevera



Calentar 3 minutos en el microondas



Variedad de 20 platos cada semana

Y cambio de menú cada miércoles



ENVIO GRATUITO A VIGO



604 075 314

www.sinsarten.es



@SINSARTEN



Avenida do Freixo, 38, Vigo, España



ASESORÍA DE EMPRESAS

*Fiscal - Contable - Laboral - Sociedades
Autónomos - Subvenciones*

Protección de Datos - Diseño Web

 Calle Urzaiz 182, Entres. 1, P. Iz.
36205 VIGO - Pontevedra

Teléfonos:
 **986 135 730 / 986 135 702**

Email: dilu@diluconsultores.com

www.diluconsultores.com

Horario:
De lunes a Viernes: 08:30 a 14:30

**INICIAMOS
LA
CAMPAÑA
DE LA
DECLARACIÓN
DE LA RENTA**

SERGIO CARREIRA: OUTRA XOIA DE A MADROA QUE PODE ESCAPAR SEN RETORNO

O xoven lateral dereito remata contrato o 30 de xuño e podería marchar libre tras unha tempada moi notable.

No RC Celta, as oportunidades ás veces chegan tarde. E no caso de Sergio Carreira, todo apunta a que o tempo perdido podería resultar irreparable. O lateral dereito, formado na canteira de A Madroa, remata contrato o vindeiro 30 de xuño e, a día de hoxe, non hai indicios claros de que vaia continuar vestido de celeste, malia que esta tempada xa deixou mostras máis que suficientes que amosaron que está plenamente preparado para competir con garantías en Primeira División.

Carreira, de 24 anos, é un deses xogadores que foi madurando entre sombras, con cesións que lle permitiron sumar minutos e experiencia en equipos como o CD Mirandés ou o Villarreal B. Este curso, aproveitando oportunidades e lesións alleas, fixo oco no primeiro equipo e respondeu con seriedade, carácter e un perfil ofensivo moderno que encaixa perfectamente nas necesidades do fútbol actual.

Con todo, a dirección deportiva do Celta non moveu ficha a tempo. Durante meses, o seu caso quedou á marxe, sen avances en canto a renovacións nin ofertas formais. Agora, segundo diversas fontes próximas a Galicia Sport, a reacción chegou tarde. O club estaríalle trasladando nas últimas semanas a intención de renovalo, pero todo indica que Sergio Carreira podería ter xa un acordo pechado con outro club para incorporarse de forma libre este verán. Un golpe duro para a institución, que volvería perder un futbolista criado na casa, sen ingreso algún, e nun momento clave da súa progresión. A situación é especialmente dolorosa para os afeccionados, que ven como outro xogador de A Madroa —como no caso recente de Alfon González—



pode marchar sen que o club fixese os deberes a tempo. Carreira non só é un canteirán con presente e futuro, senón un exemplo da filosofía que o club presume cando os resultados acompañan.

Mentres non haxa confirmación oficial, todo está aberto. Pero o tempo apremia, e o futuro de Sergio Carreira podería estar xa escrito lonxe de Balaídos. Outro aviso que debería facer reflexionar a quen xestiona o patrimonio máis valioso dun club: o talento que se forma na casa.



986 277 868

MARQUES



MARQUES
Equipamiento de
Hostelería y Alimentación

A su servicio ...Siempre

www.comercialmarques.com

Toda la maquinaria necesaria para la puesta en marcha y funcionamiento de su negocio

Te esperamos en Camiño da Gandariña nº 9 Nave - VIGO

- ✓ Estudio y asesoramiento para la instalación de equipos
- ✓ Servicio de asistencia técnica los 365 días
- ✓ Equipamiento en acero inoxidable
- ✓ Maquinaria para hostelería y alimentación
- ✓ Mobiliario para hostelería y colectividades

Platón

Le Monde

Lounge Bar



París



Buenos Aires



Berlín



Londres



Pekín



Roma

Sugerencias: Zamburiñas, Cigalas, Langostinos, Entrecot, Chuleta de ternera, Solomillo, Picaña y Tapas variadas

Lisboa



986 436 898 | 📍 Urzáiz, 29 - 36201 Vigo

☎ lemonde.vigo | 📱 @lemondevigo.es

O DEPORTIVO, ENTRE A ESPERANZA E A CONSOLIDACIÓN

O club coruñés chega ao tramo final da tempada con obxectivos ambiciosos nas súas fronteas principais.

O Deportivo mantén vivas as súas opcións de achegarse á zona de playoff tras unha clara melloría de rendemento nos últimos meses. O equipo de Óscar Gilsanz atópase na parte media da táboa e vén de sumar un empate en Anduva ante o Mirandés (2-2) e outro ante o Tenerife en Riazor (0-0). No primeiro dos encuentros, un tanto de Yeremay no desconto serviu para estirar a serie ata os oito partidos sen perder, a cal e xa de nove nestes intres. Aínda que os postos de promoción están agora mesmo a oito puntos de distancia, o equipo amosa unha versión máis sólida e competitiva. A presenza da canteira está a ser clave: xogadores como Mella, Yeremay ou Dani Barcia achegan frescura e ambición. Xunto a eles, destaca a figura de Mario Soriano, que aínda sendo novo, xa sabe o que é competir en Segunda División tras xogar a pasada tempada cedido no Eibar.

Baixo a presidencia de Juan Carlos Escotet, o club apostou pola continuidade e pola estabilidade do proxecto, sen revolucións nin presións excesivas. Eso sí, os erros do director deportivo, Fernando Soriano, na materia de fichaxes, foron constantes desde a súa chegada ao club, o que non pasa desapercibido para ninguén. Precisamente, a falta de relevos de garantías para os xogadores habituais é o que está impedido ao Deportivo dar un salto de calidade. O futuro do de Zaragoza no Depor está lonxe de estar asegurado máis aló do 30 de xuño.

FABRIL: NA LOITA POLO PLAYOFF E CON SOLIDEZ

O segundo equipo deportivista tamén chega ao treito final con opcións reais de ascenso. O equipo que dirixe Manuel Pablo, técnico que subiu desde o xuvenil A, ocupa a sexta posición no Grupo I da Segunda Federación, con 48 puntos a falta de dúas xornadas.

Na última cita a domicilio, o Fabril empatou ante o UD Llanera (2-2) nun partido tolo no que remontou en dous minutos un gol en contra, pero acabou encaixando o empate nos minutos finais. A fortaleza defensiva está a ser unha das claves do equipo, que agora se prepara para dous encontros decisivos, tras caer ante o Salamanca en Abegondo o pasado fin de semana. O filial medírase aos dous últimos clasificados, os xa descendidos Laredo e Gimnástica de Torrelavega.



Los Hoteles Cristal 1 y 2 ofrecen a sus huéspedes una cálida bienvenida a la bahía coruñesa con vistas idílicas y sonidos oceánicos que dejan de lado el estrés de la ciudad e invitan a desconectar por completo.

+34 981 148 738

- Hotel Cristal 1: Rúa Venezuela, 1, 15011 A Coruña, España
- Hotel Cristal 2: Avd. San Roque de Afuera, s/n 15011 A Coruña - España
- hoteles-cristal.com
- reservas@hoteles-cristal.com



El Hórreo
RESTAURANTE
CAFÉ - BAR

Gran Vía, 169
15100 Carballo
A Coruña

Tlf.: 981 70 35 60 • Móvil: 686 39 66 75

DÉPOR ABANCA: REACCIÓN TRAS UN CAMBIO DECISIVO

O equipo feminino experimentou un cambio radical desde a chegada de Fran Alonso ao banco no mes de novembro. Da zona de descenso pasouse á reacción. O Dépor Abanca sumou triunfos importantes ante rivais directos como Levante, Betis ou Real Sociedad e logrou escapar da zona perigosa da Liga F.

O cadro reforzouse coa cesión de Olaya Rodríguez e coa continuidade de xogadoras clave como Millene Cabral ou Lucía Martínez, que si están a ter protagonismo regular no once. Ademais, Cris Martínez estivo dispoñible e xogando ata este mes de abril, pero a partir de agora causará baixa durante uns meses por maternidade.

O equipo afronta agora un calendario duro, con partidos ante Granada e FC Barcelona, pero a dinámica é positiva e a permanencia está ao alcance.

**DÉPOR ABANCA B: A UN PASO DO ASCENSO**

O filial feminino ten unha oportunidade de ouro para subir de categoría. A falta de dúas xornadas, ao Dépor Abanca B abóndalle con sumar unha vitoria para asegurar o ascenso directo. Xogará como visitante ante a Bovedana e pechará a liga na casa ante o Parquesol, conxunto que tan só foi quen de sumar dous puntos en toda a competición.

XUVENIL A: LÍDER NA DIVISIÓN DE HONRA

O Xuvenil A do Deportivo, dirixido por Miguel Figueira, tamén aspira ao máximo. É líder do seu grupo a falta de dúas xornadas, co que depende de si mesmo para rematar campión. O calendario preséntase intenso: xogará na Cidade Deportiva de Abegondo ante o Real Oviedo e pechará a tempada visitando ao Val Miñor. O equipo está a demostrar unha gran regularidade e pode coroar o seu bo traballo cun título que reforzaría o valor da canteira branquiazul.

**CINCO EQUIPOS, UNHA MESMA IDENTIDADE**

O primeiro equipo, o Fabril, o Dépor Abanca, o seu filial e o xuvenil A representan cinco proxectos deportivos distintos pero unidos por unha mesma filosofía: traballo, ambición, estabilidade e orgullo de club. Todos manteñen opcións reais de cumprir os seus obxectivos e a estrutura global do Deportivo amosa unha saúde competitiva que permite soñar a todos os feis afeccionados.



· FALSOS TECHOS:
LISOS - DESMONTABLES
· CORNISAS
· MOLDURAS

· ESTANTERÍAS
· TODO TIPO DE TRABAJOS EN PLADUR
· REFORMAS EN GENERAL
· TRABAJOS EN PINTURA



Avda. Santa Lucía, 24 - SANTIAGO

T.: 609 33 51 51 - 620 85 46 78 · Fax: 981 54 92 73 · escayolasxacobeo@yahoo.es · www.escayolasxacobeo.com



O REGRESO DOS VALENTES: O PONTEVEDRA XA É DE PRIMEIRA RFEF

Foi un ascenso incontestable nunha tempada para o recordo. Pasarón recupera o lugar que lle pertence.

Hai ascensos que se celebran. E logo están os que se lembran para sempre. O do Pontevedra CF en 2024/25 pertence á segunda categoría. Cunha tempada memorable, chea de fútbol de altura, carácter competitivo e momentos inesquecibles, o equipo granate selou o seu regreso á Primeira Federación con tres xornadas de marxe e o recoñecemento unánime de todo o fútbol galego e nacional.

A campaña do conxunto de Pasarón foi unha demostración de forza, personalidade e ambición. Desde o primeiro partido, o Pontevedra deixou claro que quería máis que competir: quería dominar. O seu principal rival, o Numancia, un clásico do fútbol estatal, non puido resistir o empuxe constante dun equipo que xogou coma un grande e sentiuse grande cada fin de semana. O ascenso é a consecuencia natural dunha idea clara: xogar ben, xogar con orgullo. E aí aparece a figura dun home que xa é parte da historia do club: Yago Iglesias. O técnico coruñés, fiel a un estilo purista e ofensivo, fixo que o Pontevedra brillase dende o balón, pero tamén desde o sacrificio, desde a fe,

desde a unión. O seu equipo mandou en casa e fóra, e fíxoo sen renunciar á súa identidade. A súa proposta foi valente, moderna e contundente. Fútbol de Primeira.

E se a liga foi unha sinfonía, a Copa do Rei converteuse nun himno. O Pontevedra eliminou a equipos de Primeira División e plantouse nos oitavos de final, tocando o ceo do fútbol estatal e facendo vibrar a Pasarón coma nos vellos tempos. Non foi un milagre. Foi consecuencia do traballo ben feito. Este ascenso é máis que unha clasificación. É unha reafirmación de identidade. É a cidade volcándose co escudo, o estadio ruxindo, os xogadores crendo. É o “hai que roelo” convertido en bandeira e compromiso. É a demostración de que o Pontevedra CF está chamado a ocupar un lugar importante no mapa do fútbol nacional.

A tempada 2024/25 será lembrada como a do regreso dos valentes. E Pasarón, como o escenario onde os sonhos deixaron de ser sonhos para converterse en realidade.



Pol. Ind. de Barro - Outeda - Parcela Ex-01 • BARRO (Pontevedra)
T. 986 713 944 • M. 600 512 416 / 630 174 689
info@tallereshemicar.es



C/ LABAREY, 10 VILLALONGA 36990 (Pontevedra)
TLF. 696 994796

construccionefernunezsl@hotmail.com

- OBRA NUEVA (VIVIENDAS UNIFAMILIARES)
- REVESTIMIENTOS
- REFORMAS
- ESTRUCTURAS
- PAVIMENTOS
- RESTAURACION (VIVIENDAS)
- CUBIERTAS
- ALICATADOS
- REHABILITACION
- ALBAÑILERÍA
- PLADUR
- SERVICIOS DE MINICAVADORA



Rúa dos Ferreiros, 17 - 36002 Pontevedra 986 857 832 • restaurantemaky@gmail.com

Especialidad en carnes de Rubia gallega y carne de Wagyu, chuleton de Buey gallego, Croca de vaca premium y churrasco.

Cocina casera servida y elaborada con mucho mimo y producto de primera calidad.

"En pleno centro de Pontevedra, a 100 m del concello con gran parking justo al lado"

A CIDADE CELEBRA UN ASCENSO MEREcido: "PASARÓN TEN MAXIA"

Os da cidade do Lérez regresaron á Primeira Federación tras unha tempada de oficio, paixón e moito fútbol.

Despois dunha tempada de traballo, compromiso e moita fe, o Pontevedra CF selou o seu regreso á Primeira RFEF. A alegría do ascenso deixouse sentir tanto no vestiario como nas bancadas de Pasarón, cun sentimento compartido de orgullo e redención tras a decepción do ano anterior. Os principais protagonistas non ocultaron a súa emoción.

Yago Iglesias (adestrador): "É un ascenso merecido para todos"

O técnico granate non puido ocultar a súa emoción despois de lograr o obxectivo: "Por fin estamos en Primeira RFEF. Creo que a tempada é espectacular e necesitabamos o broche. A pasada campaña, no último partido do play-off, marchamos para casa moi fastidiados... e creo que hoxe é merecido para todos: para a afección, para os xogadores, para o club e tamén para o corpo técnico, os homes de negro que sufrimos cada día."

Lupe Murillo (presidenta): "O obxectivo conseguiuase antes do previsto"


A presidenta do Pontevedra CF, Lupe Murillo, mostrouse radiante e orgullosa do seu equipo, declarando o seguinte: "Foi unha tempada moi complicada, como todas, pero o obxectivo conseguiuase, e antes do esperado. Estou feliz de que a afección estea aquí con nós, disfrutando deste ascenso. Isto tamén é deles. Fomos quen de manter unha liña constante e firme durante todo o ano, e iso ten moito mérito."

Álex González (capitán): "Pasarón ten maxia"

O capitán granate, símbolo do espírito de loita do equipo, puxo palabras ao sentimento colectivo: "Temos fe. Pasarón ten maxia. Desde que cheguei, sentín que o meu estilo de xogo —de loita, de sacrificio, de deixalo todo— conectaba coa filosofía do club. O 'hai que roelo' non é só un lema: é unha forma de sentir este escudo e esta cidade."

Recoñecemento institucional

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, tamén recibiu ao equipo no Pazo de Raxoi, subliñando o impacto do ascenso: "Este éxito é un orgullo para toda Galicia. O Pontevedra CF é un referente histórico do noso fútbol, e volver a unha categoría superior representa tamén un impulso para a cidade e para o deporte galego."



O Pontevedra CF celebra así un ascenso que chega como recompensa á perseveranza, ao gran traballo -crendo nun proxecto de forma unánime- e á paixón dunha afección que nunca deixou de alentar. Pasarón recupera o seu lugar, e Galicia gaña de novo un equipo de referencia na Primeira RFEF.



MenuL@n[®]

SOFTWARE PARA HOSTELERÍA

L@ndín[®]
SOFTWARE

 www.landin.es
 landin@landin.es
 986 858 858



**TERCERA
FEDERACIÓN**

TERCEIRA DIVISIÓN 2024/2025: CASE TODO POR DECIDIR

Chegan as xornadas máis decisivas da tempada coas prazas de play off e de descenso en xogo.

A tres xornadas do final da Terceira División galega, a emoción é máxima en todas as fronte... menos no da loita polo título. A UD Ourense proclamouse campioa de liga con antelación logo de empatar ante o Silva na Coruña, sumando así o punto que precisaba para certificar matematicamente o primeiro posto.

Con esa primeira praza xa resolta, todas as miradas céntranse agora na pelexa polo play off de ascenso e na dramática loita pola permanencia. O CD Estradense é segundo e practicamente ten o billete para a fase de ascenso na man: cun só punto máis, garantiría a súa presenza. O Racing Villalbés, pola súa parte, tamén está moi preto; con dous puntos máis terá asegurada a súa participación nas eliminatorias.

A cuarta praza tamén podería quedar pechada en breve. A Sarriana con-

ta cunha vantaxe de tres puntos sobre os seus inmediatos perseguidores — Alondras e Arosa — e, ademais, conta co factor decisivo dun enfrontamento directo entre ambos na última xornada. Ese duelo, que se disputará en A Lomba, podería ser determinante para definir a última praza de play off, xa que na actualidade están empatados a puntos e sen marxe de erro.

Na parte baixa da clasificación reina o caos. Só o Betanzos ten confirmado o descenso. Por riba, todo está por decidir. O Arteixo, que se afundiú nas últimas semanas, ocupa a penúltima posición, pero está a só dous puntos de saír dos postos de perigo. O Valladares é antepenúltimo, pero está empatado a puntos con Villalonga e Barbadás, nunha loita pola salvación que tamén implica a outros equipos e onde cada gol pode ser clave.

As últimas tres xornadas prometen ser de infarto.



**OBRAS Y REFORMAS
GARCÍA TORRES**

Telf : 620 941 157

ENTREGAMOS LA OBRA TOTALMENTE FINALIZADA

620 941 157 | jlgtobras@gmail.com | Cesteiros, 9, 3°C - 36960 - Sanxenxo (Pontevedra)

- Obra nueva
- Restauración
- Reformas en general
- Rehabilitación de viviendas
- Fachadas
- Cubiertas
- Locales comerciales
- Impermeabilizaciones



OCIOSAUGAL

SI DESDE TU CLUB QUIERES QUE ORGANICEMOS TU CAMPUS DE FÚTBOL, CONTÁCTANOS!

ENTRA EN NUESTRA WEB PARA MÁS INFORMACIÓN | WWW.OCIOSAUGAL.ES

Tlf. 664 518 705



Óptica Mais Q Ollos

Avda. Finisterre, 46-50 Bajo - 15145 A Laracha (A CORUÑA)

Teléfonos: 981 61 28 45 - 655 931 567

Mail: info@opticamaisqollos.com - Web: www.opticamaisqollos.com





UD OURENSE: UNHA DÉCADA PARA RECONSTRUIR O ORGULLO DUNHA CIDADE

O Couto volve soñar en grande dez anos despois da desaparición do histórico Club Deportivo Ourense.

Hai equipos que nacen con data e outros que nacen con razón. A UD Ourense pertence á segunda clase: un club que naceu non cando quixo, senón cando fixo falta. No 2014, o vello CD Ourense desapareceu afogado por débedas, pero a súa xente, a mesma que enchía O Couto domingo tras domingo, negouse a enterralo. Alí, entre loito e memoria, naceu un novo escudo, un novo soño, unha mesma paixón: a Unión Deportiva Ourense. Comezaron no máis fondo do fútbol galego, alí onde a herba escasea e o orgullo sobra: en Terceira Autonómica. Pero foron subindo como se a historia lles tivese présa, como se cada ascenso fose unha homenaxe pendente ao club perdido. Un por un, foron derrubando muros ata chegar a Tercera RFEF. E agora, dez anos despois, escriben unha nova páxina inesquecible: a UD Ourense xa é equipo de Segunda Federación.

E non é casualidade. O equipo de Borja Fernández, ex da elite e agora guía da ilusión, competiu con cabeza, corazón e fútbol. Antón Guisande liderou o gol con 10 dianas, seguido de Cellerino e Miguel Fernández, este último

un diamante con luz propia chegado do Estradense. No medio, nomes como Pablo Parrilla ou Cabarcos deron equilibrio. Atrás, Álex Cobo impuxo respecto baixo paus, e Pol Bueso foi a voz da experiencia que se fixo carne. E ao redor de todos, unha afección que nunca deixou de crer. Porque este Ourense non xogou só con once. Xogou cunha cidade enteira ás costas.

A Unión Deportiva Ourense logrou o ascenso directo desde o liderado sólido, con apenas unha derrota e a defensa menos batida do grupo. Pero sobre todo, fíxoo cun relato épico detrás, desa clase de historias que só o fútbol galego sabe escribir: humildade, comunidade, e unha fidelidade que move montañas.

Quen diga que o fútbol moderno matou a alma dos clubs, que mire cara O Couto. Alí, onde todo parecía perdido, a UD Ourense demostra que o amor por unha camiseta pode ser máis forte ca calquera crise. Están a facer historia. Pero o máis bonito é que levan dez anos demostrándonos que nunca deixaron de facela.



OTTO JARDINERÍA Y DESBROCES

Desbroces, podas y mantenimiento de jardinería en Ourense. Ofrecemos los precios más competitivos del mercado. Resultados garantizados. Presupuesto sin compromiso y asesoramiento personalizado.

 **687 628 649**

 **info@ottojardineria.es**

 **www.ottojardineria.es**

 **Otto Jardinería y Desbroces**

 **Carretera Da Granxa, 87, 1A - 32005 Ourense**





 /anthonyseingshshool

 anthonyseingshshool@gmail.com

THE
COOLEST ENGLISH SCHOOL

OURENSE

Inglés multimedia. Clases con profesores nativos en grupos reducidos con atención personalizada. Práctica de la conversación inglesa. Academia para todas las edades, desde los 3 años. Aprende inglés de una forma cómoda y sencilla. Clases presenciales y clases online.

Cardenal Quevedo, 12 Ofc. A 2ª PL - 32004 - Ourense

| CONTACT US

988 241 882
609 155 729
697 904 794

We prepare for

Cambridge

English Qualifications
2025-2026





A52-salida 305 | C/ Antonio Palacios 101 | Porriño 986 333 404 / 986 344 141 info@restaurantemanolo.es



Bodas • Comuniones • Celebraciones de empresa



EL DÍA DE TU BODA DEJA TODO
EN NUESTRAS MANOS
¡SERÁ UN DÍA INOLVIDABLE!

¡PREOCÚPATE SOLO
DE SER FELIZ!



Manolo
RESTAURANTE





O ESTRADENSE MIRA AO FUTURO CUN SÉCULO DE ORGULLO AS COSTAS

A entidade pasa polo momento máis destacado da súa historia e soña co ascenso a Segunda Federación.

Poucos clubs poden dicir que levan cen anos defendendo as súas cores. O CD Estradense pode. E o mellor de todo é que chega a esa cifra redonda no seu mellor momento deportivo dos últimos tempos. Non é un aniversario calquera. É o premio a unha traxectoria forxada con paciencia, con traballo e cun xeito de entender o fútbol que non entende de modas nin de atallos. O equipo de A Estrada, que disputa os seus partidos no Novo Municipal, está a completar unha tempada extraordinaria no Grupo I da Tercera Federación. A falta de poucas xornadas para o final do campionato, ocupa a cuarta posición da clasificación, firmemente asentado en postos de play off de ascenso e cunha vantaxe de dez puntos sobre o sexto clasificado. Un colchón de tranquilidade que lle permite afrontar o tramo decisivo da liga co obxectivo entre cella e cella.

Este Estradense non é casualidade. Ten detrás a man de dous adestradores da casa, Manuti e Javicho, coñecedores coma poucos do que significa este escudo. E ten tamén un vestiario sólido, comprometido e cunha identidade moi clara sobre o terreo de xogo. Homes como Víctor Gamarra, máximo goleador do equipo con 13 tantos; Brais Vidal, que achegou calidade e chegada dende o centro do campo; ou Bellido, un seguro na defensa, representan o

espírito dun equipo que compite sempre e nunca se rende.

Pero se algo define a este club é o seu apego á terra, á súa xente, á vila que lle dá sentido. Cada partido no Novo Municipal da Estrada é un reflexo do que significa o fútbol humilde e auténtico. Un lugar onde os partidos non son espectáculos artificiais, senón encontros de xente que se coñece, que se saúda, que leva anos compartindo bancada, conversas e lembranzas.

O centenario chegou acompañado dun escudo renovado, un símbolo que respecta o pasado pero que mira sen medo ao futuro. Non é un adorno. É unha declaración de intencións dun club que sabe que o máis importante non está nos trofeos, senón na esencia que o fixo chegar ata aquí.

Agora queda o máis bonito. O final dunha tempada que pode ser histórica. O soño do ascenso está aí, ao alcance dunha man que leva traballando moitos anos para poder tocarlle.

E se chega, será un premio merecido. Pero se non chega, o "Estra" seguirá sendo o que é agora: un club exemplar, respectado e orgulloso, que leva cen anos amosando que o fútbol é pertenza, compromiso e identidade.

Porque hai cousas que ningún resultado pode cambiar. E o Club Deportivo Estradense, pase o que pase, seguirá sendo eterno para a súa xente.

Rocio Lemus
P E L U Q U E R I A

PREVIA CITA 986 331 156 | Enrique Peinador, 3 | 36400 O Porriño



BAR PITILLO

En El Pitillo podrás disfrutar de una amplia carta de desayunos y tapas, además de disfrutar de los pinchos con cada consumición.

Alta, 3 - 36002 - Pontevedra (Pontevedra)

BAR PITILLO

DESAYUNOS
Y
TAPAS

665 311 332





A MAGDALENA EMPUXA A UN VILLALBÉS QUE CRE NO SEU DESTINO

O conxunto chairego ten casi asegurada a súa presenza nunha nova fase de ascenso a Segunda Federación.

En Vilalba xa non hai que mirar a clasificación. O Racing Villalbés ten o play off na man, pero aquí non se celebra o futuro: celébrase o camiño. Porque en A Magdalena non se gaña só por goles — gañase por pertenza, por identidade, por unha historia que naceu humilde e que hoxe latexa forte entre as pedras da súa torre e a memoria dos que soñaron co escudo no peito. Este Villalbés é moito máis ca un equipo. É Cañi marcando doce goles que son doce fogonazos de orgullo vilalbés. É Javi Rey e Gardette levando o fútbol do barrio ata os altares da categoría. É Santomé baixo paus, gardando o templo coma quen sabe que o fútbol aquí pesa máis. É Martín da Lama loitando coma quen defende a casa. É Alberto Lamas poñendo pausa e cabeza nun mundo que sempre quere correr.

Pero por riba de nomes está a esencia. A humildade dun club que caeu sen ruído da Segunda Federación porque sabía que volvería erguerse. Sen dramatismos. Sen estridencias. Porque o Racing Villalbés non é de paso: é de raíz.

Agora o play off está a un paso. Pero en Vilalba xa gañaron hai tempo. Gañaron o respecto do fútbol galego. Gañaron o dereito a soñar sen complexos. Gañaron ser o Villalbés de sempre, o de A Magdalena, o das tardes de frío e balóns que pesaban máis ca vida.

E pase o que pase, cando todo remate, alí seguirá esa torre no escudo mirando ao ceo. Porque este club non entende de finais. Entende de comezos que non acaban nunca.



MARMOLES
ADRIO S.L.

Polígono Ind. Louzaneta (Ctra. de Friol)
Nave, 8 - As Arieiras - 27297 LUGO
Tel: 982 251 777 - Fax: 982 242 056 - M: 626 750 362
info@marmolesadrio.es • www.marmolesadrio.es

REGO PAZ

FONTANERÍA - GAS - CALEFACCIÓN - ENERGÍAS RENOVABLES



nedgia
Grupo Naturgy

Empresa
colaboradora de

☎ 606 076 751

rego.paz@hotmail.com
www.regopaz.com

Construccions e Pizarras Castro

Construccions e pizarras Castro s.l.



Carballás, 31 - LOENTIA - 27266
- Castro de Rei (Lugo)

Especialistas en todo tipo de trabajos en construcción y colocación de cubiertas de pizarra. Realizamos reformas y obra nueva, rehabilitación y construcción ecológica. Vendemos todo tipo de formato de pizarra

reformascastro@hotmail.es



629 120 517 982 310 687
660 007 732 620 372 763



SD SARRIANA, ENTRE A HUMILDADE E O SOÑO DO ASCENSO

Novo curso de matrícula de honra de un club que debutou a tempada pasada na Terceira División.

No corazón de Ribela latexa con forza un equipo que xa non é só revelación, senón realidade. A SD Sarriana está a protagonizar unha das historias máis fermosas desta Terceira División, a historia dun club modesto que aprendeu a competir sen complexos, a medrar sen perder a esencia e a soñar sen esquecer de onde vén.

Hai apenas dous anos celebraban un ascenso histórico á categoría nacional. O curso pasado, sen tempo para a adaptación, rozaron o ceo coas mans ao colarse no play off a Segunda RFEF. E este ano, lonxe de afrouxar, a Sarriana deu un paso máis: consolidouse.

A súa tempada é para enmarcar. Mesmo coas turbulencias no banco —ata tres adestradores pasaron pola caseta de Ribela este ano— o equipo non perdeu o norte. Marchou Jaime Paz buscando novos retos, tomou o relevo Guillermo Oriol e, finalmente, José Antonio Rodríguez é quen leva o temón dun barco que navega directo cara o play off.

No campo, a receita é clara: un bloque sólido, traballador, sen grandes estrelas pero con xogadores capaces de ver porta con facilidade. Alejandro Millán (12 goles), Santi Gegunde (10), Álex Boedo (8) ou Azael García (7) representan a diversidade ofensiva dun cadro no que case todos aportan.

Na portería, Javi Liz é sinónimo de seguridade; na defensa, Máximo Levrant impón carácter; e no medio, Martín López gañouse o respecto a base de fútbol e esforzo. Ribela convertiuse nun fortín e a Sarriana nun equipo incómodo, difícil de superar e sempre competitivo.

Faltan poucas semanas para o final da liga regular e o soño do play off xa non é un soño. É un obxectivo ao alcance da man. Pase o que pase, a SD Sarriana xa fixo historia. Porque os grandes proxectos constrúense así: con humildade, traballo e fútbol de verdade.



ABUIN L.B.
 Construcción · Restauración · Reformas
 Colocación de Pizarra y Piedra Natural
 648 187 787

San Vicente de Pías (LUGO)
 construabuin@telefonica.net



LUGOcanal



Su empresa especializada en la instalación y en el mantenimiento de canalones, cubiertas, fachadas y falsos techos



¿Por qué confiar en nuestro equipo de profesionales?



Experiencia

LugoCanal somos una empresa que cuenta con muchos años de experiencia dentro de este sector, además de contar con un equipo de **trabajadores altamente cualificados**.



Calidad

Todos los trabajos que realizamos presentan la máxima calidad. Para ello solo trabajamos con **las mejores marcas del mercado**, empleando así los productos más adecuados.



Precios competitivos

Nuestros servicios destacan por presentar una **gran relación calidad/precio**, para nosotros es muy importante ofrecer a todos nuestros clientes un precio justo y muy competitivo.

 www.lugocanal.com

 clientes@lugocanal.com

 Ramón María Aller Ulloa, 68 - Polígono Industrial de As Gándaras - 27003 Lugo

 [/lugocanal_](https://www.instagram.com/lugocanal_)

 [/lugocanal](https://www.facebook.com/lugocanal)

 **CONTACTENOS**

982 245 702



balance

CENTRO DE FISIOTERAPIA Y PILATES

INDIBA®
activ
ProRecovery

La Neuromodulación no invasiva NESA X SIGNAL, optimiza el funcionamiento del sistema nervioso autónomo: disminuye el dolor, acelera la recuperación, disminuye la fatiga y mejora la calidad del sueño.



¿Quieres recuperarte de cualquier tipo de lesión, inflamación o edema?

Bomba Diamagnética CTU Mega 20

¡Revolucionaria tecnología que supone un antes y después en el tratamiento de las lesiones musculo-esqueléticas!

CTU Mega 20: Equipo con una tecnología innovadora, que une el efecto del campo magnético de alta intensidad con la radiofrecuencia, proporcionando el "Efecto Diamagnético" Indolora, no invasiva y con unos beneficios inmejorables que hacen de esta tecnología la mejor y más eficaz de todas las que puedan existir en el mercado.



- Ondas de choque
- Indiba Activ
- Hipopresivos
- Ejercicio terapéutico
- Pilates terapéutico (grupos reducidos, parto, clases privadas)
- Neuromodulación Nesa
- Fisioterapia (traumatológica, neurológica y respiratoria)
- Fisioterapia pediátrica (neurodesarrollo, lactancia y respiratoria)
- Drenaje linfático
- Suelo Pélvico
- Podología



Servicios con N° de Registro Sanitario: C-36-002235

☎ 986 077 994

☎ 653 460 298

📍 balancevilagarcia

🌐 Balance. Centro de fisioterapia y pilates

📍 C/ Ramón Piñero López, 14 - Vilagarcía

O AROSA SC NON ESTÁ INMERSO NA SÚA MELLOR TEMPADA

O equipo non respondeu as expectativas, pero aínda pode lograr a clasificación para o play off de ascenso.

O soño do ascenso do Arosa SC camiña xa polo fío da épica. O conxunto de Vilagarcía, chamado a ser un dos grandes favoritos no Grupo I da Tercera Federación, está a protagonizar unha tempada marcada pola inestabilidade, os cambios e a decepción. Os resultados non chegaron da maneira agardada, o equipo non responde e as opcións de meterse no play off dependen, a estas alturas, das tres últimas xornadas.

O club afrontou o curso 2024/2025 cun ambicioso proxecto deportivo no que destacaron fichaxes de nivel como José Rivera, Romay, Javi Rey, Carlos Torrado ou Álex Comparada. Incorporacións destinadas a dar un salto de calidade nun plantel mestura de xuventude e veteranía. Pero o balón non entendeu de nomes durante boa parte da campaña.

As derrotas foron chegando e os resultados afastaron axiña ao equipo da cabeza da clasificación. A situación derivou na destitución de Michel Alonso en febreiro, despois de seis partidos sen gañar. No seu lugar chegou José Luis Lemos, un técnico de carácter que asumiu o reto de endereitar o rumbo. Con todo, o panorama non mellorou moito polo momento.

Un dos episodios máis duros desta tempada vivírono os arlequinados na recente derrota en A Lomba ante o Somozas (1-2). Aquel partido deixou feridas internas e serviu para que Lemos, visiblemente molesto, estalara pola actitude do equipo, cualificando o sucedido como “unha das situacións máis vergoñentas” que viviu como adestrador. O técnico manifestou incluso que ía dar entrada a xogadores xuvenís, buscando unha reacción que, nas dúas últimas xornadas chegou e polo menos mantén vivas as opcións do play off.



Con tres xornadas por diante, o Arosa agarrou unha esperanza de meterse nas eliminatorias cando o contexto apuntaba xa a outro escenario: a unha profunda reestruturación de cara á próxima tempada. Todo fai indicar que o club acometerá unha renovación importante no cadro de xogadores, na procura dunha nova identidade que lle devolva a ambición e a ilusión perdida. O Arosa esgótase. O tempo e os resultados din que o proxecto desta tempada non funcionou. O futuro pasa por un milagre ou por reconstruír.



www.reformasyserviciosrey.es
info@reformasy-serviciosrey.es

609 36 21 88



EMPRESA DE REFORMAS Y SERVICIOS INTEGRALES PARA EL HOGAR.

CARPINTERÍA, FONTANERÍA, ELECTRICIDAD, COCINAS, BAÑOS, PUERTAS, ARMARIOS, MONTAJE DE MUEBLES, TARIMAS...
CON EL SERVICIO MANITAS TE SOLUCIONAMOS ESOS PEQUEÑOS ARREGLOS O DESPERFECTOS EN EL HOGAR.





ALONDRAS CF: FÚTBOL CON CHEIRO A SALITRE

O Alondras navega cara o play off tras unha tempada de loita, orgullo e carácter mariñeiro.

No Morrazo o fútbol non se entende sen mar. Aquí o balón flota distinto, empábase de brisa atlántica e colle forza nas mans dos que levan toda a vida remando contra corrente. O Alondras CF é moito máis ca un equipo de fútbol. É unha bandeira vermella e branca que agarra forte ás pedras de Cangas, que se suxeita ao peirao dos que nunca baixan a cabeza.

Dicían que esta tempada ía ser dura. Que os golpes do inicio do curso podían pesar demasiado. Pero este equipo, feito de xente de marea, non sabe de rendición. Comezaron de menos a máis, collendo ritmo, axustando velas, preparando o barco para a travesía longa. E cando atoparon o vento de cara, foi imposible detelos.

Agora, a falta de tres xornadas, o Alondras surca a Terceira Federación a todo trapo, no sexto posto, pero dependendo de si mesmo para xogar o play off de ascenso. Non é casualidade. É traballo, carácter e un campo do Morrazo que empuxa coma un mar bravo.

No fútbol tamén hai mariñeiros. Os de Gonzalo Fernández ben o saben. Pablo Goitia leva 9 goles, o que máis. Manu Freire con 5 e Yelko Alfaya con 4 seguen as súas estelas. Fran López suma 3. Pero este Alondras non vive só do gol. Vive do bloque, da seguridade de Brais Pereiro baixo paus, da garra de Roi Tato, da loita incansable de Abel Martínez ou Antón Iglesias, e da calidade elegante de Álex Ubeira, un xogador que sabe navegar entre liñas.

E así, sen facer ruído, traballando coma sempre fixeron os de aquí, o Alondras constrúe unha tempada para gardar na memoria. Porque pase o que pase, este ano xa é un orgullo para todo Cangas. Para os de sempre. Para os do Morrazo. Para os que nunca esqueceron que o fútbol, como o mar, non entende de límites nin de medo.

Aquí non hai promesas baleiras. Aquí hai un club mariñeiro que, cada domingo, sae ao mar a pescar outra vitoria. E que se non a trae, polo menos deixa o alma competindo. Fútbol con cheiro a salitre. Fútbol do Alondras.



- ✓ MEDICINA ESTÉTICA
- ✓ NUTRICIÓN
- ✓ PSICOLOGÍA
- ✓ MATRONA-SEXÓLOGA



CALLE AMOR RUIBAL 8 VIGO

MEDICINA DEL DEPORTE

- ✓ RESONANCIA MAGNÉTICA
- ✓ TRAUMATOLOGÍA
- ✓ MEDICINA HIPERBÁRICA

DIAGNÓSTICO, RECUPERACIÓN Y
PREVENCIÓN DE LESIONES

WWW.CLINASCIVI.ES



CLINASCIVI



986 19 60 02

Registros sanitarios

Policlínica: 36-003274, Radiodiagnóstico: 36-002430, Cámara Hiperbárica: 36-001644

CF NOIA: A REVELACIÓN DA TERCEIRA TEN NOME PROPIO

O equipo de Iván Carril e sétimo na táboa e aínda ten posibilidades de clasificar para o play off.

Non todo o mundo entende o que significa xogar ao fútbol mirando ao mar. En Noia, si. Nesta vila da ría que leva nome dobre —Muros-Noia— cada partido é unha extensión da vida: con vento, con forza, con incerteza e con esperanza. Durante anos, o CF Noia foi ese equipo teimudo que remaba contracorrente. Subía, caía, volvía tentar. Pero este ano, por fin, aprendeu o máis difícil: quedar.

En dez anos celebráronse catro ascensos. Os tres primeiros foron efémeros, como barcos que chegan a porto pero non poden ancorar. Esta tempada é distinta. O equipo salvouse con moitas xornadas de antelación, e non só iso: marcha sétimo, coa mirada posta cara arriba, desafiando calquera pronóstico e calquera historia anterior. A faltan de tres xornadas, o Noia aínda pode clasificar para o play off de ascenso a Segunda Federación.

Ao leme vai Iván Carril, home de fútbol, ex xogador do Deportivo da Coruña, que soubo darlle identidade a este grupo. E na proa, disparando ilusións, Hugo Losada, autor de 9 goles e referente dunha ofensiva que non se rende.

Pero este equipo non é dun só nome. É Facu Moreyra, firme como un faro. É Paco Allo e Aldán Naval, dous que traballan sen pedir foco. É Hugo García, Mario Constenla, Pedro Arufe, Axel Sánchez, Rubi Casas... É unha tripulación enteira que colleu o timón e decidiu non volver á deriva.

Non foi unha travesía doada. Tocou remar en días grises. Mais a tempada está feita de momentos que explican todo: remontadas imposibles como o 3-3 contra o Gran Peña, empates heroicos, resistencias ata o último minuto. Cada punto sumado leva sal e suor.

O campo de San Lázaro converteuse nun baluarte. Non hai promesas, só feitos. O CF Noia está a construír futuro, e fáino dende o traballo silencioso, a humildade e unha verdade que non se aprende en academias: o valor de loitar por quedarse.

Neste recuncho da ría, onde o mar é espello da alma, o fútbol non é só un deporte. É memoria, identidade, orgullo. E o CF Noia, que tantas veces volveu comezar, por fin aprendeu a resistir.

E cando un equipo queda, xa non é o mesmo. É máis forte. É máis sabio. É máis do seu lugar. O CF Noia quedou. E agora, comeza o seguinte capítulo.



35 aniversario

SABORA

35 anos tostando no día

www.cafesabora.com



35 anos traballando para ter o mellor
café día a día.





O POLVORÍN CUMPRE CO MÍNIMO E XA PENSA NO FUTURO

O filial pechará unha tampada discreta na que logrou a permanencia sen cumprir maiores ambicións.

O Polvorín FC, filial do CD Lugo, certificou a permanencia na Tercera Federación a falta de varias xornadas para o remate da tempada. Non foi un ano brillante, pero o conxunto lucense conseguiu afastarse da agonía dun final dramático e cumprir, polo menos, cos obxectivos mínimos marcados desde o club. A campaña foi irregular, con tramos de bo xogo e outros de menor nivel. Un dos momentos clave chegou a finais de xaneiro, cando se produciu un cambio no banco. Dani Galán, que iniciara o curso como adestrador, foi incorporado ao corpo técnico do primeiro cadro para exercer labores de analista con Toni Seligrat. A súa saída obrigou a unha reconfiguración temporal: durante unhas semanas asumiu o mando David Páez —responsable da canteira—, ata que se confirmou a chegada de Álex Ortiz como novo técnico.

Ortiz, que asinou ata xuño de 2026, xa fora o artífice do histórico ascenso do Polvorín a Segunda Federación no seu día, e agora regresa coa intención de reconstruír un proxecto competitivo que aspire a repetir aquela fazaña.

Non será este curso cando se produza o regreso á cuarta categoría do fútbol español. O obxectivo do play-off esvaeceuse hai semanas, pero polo menos o cadro conseguiu estabilizar o seu rendemento e afastarse dos postos perigosos. Non houbo grandes alegrías, pero tampouco se baixaron os brazos. E iso, nas circunstancias actuais, xa é algo a valorar.

No apartado deportivo, cómpre destacar o papel de varios futbolistas clave. O vigués Jorge Maceira está a asinar unha tempada notable no ataque, con 13 goles que o consolidan como máximo realizador. Tamén resultan fundamentais os minutos e o equilibrio que achega Ju no pivote defensivo, xogándoo practicamente todo e converténdose no sostén do medio campo.

Na retagarda, o ex do Viveiro Nacho Puente consolidouse como unha das pezas imprescindibles, mentres que homes como Hugo Padín e Víctor Casais, alternando titularidades e suplencias, demostraron que teñen fútbol e gol. Os seus tantos foron decisivos en momentos clave para sumar puntos.

O Polvorín presenta un perfil de filial algo singular. Conta cunha base importante de xogadores sub-23, como adoita ser habitual neste tipo de conxuntos, pero tamén con varios futbolistas que se achegan ao límite desa franxa ou que mesmo xa a superan amplamente. Unha realidade pouco común para un equipo dependente e que obriga a reflexionar. A planificación do próximo curso xa está en marcha, coa intención de reaxustar o modelo e apostar por un perfil máis formativo, sen perder a competitividade.

A tempada non deixará grandes recordos, pero o filial lucense logrou evitar problemas maiores e manterse sen sufrir. Con Álex Ortiz á fronte e unha reestruturación á vista, o reto agora pasa por dar un paso adiante e recuperar a ambición que fixo do Polvorín un referente dentro da estrutura do Lugo.



Tifs.: 982 231 874
610 558 035
pizarrascastedo@hotmail.com

Ctra. Lugo - Fonsagrada, km 4 (Barbain) O CARQUEIXO - LUGO
Castedo, 13 - CASTROVERDE

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

¡Pidanos Presupuesto sin compromiso!

www.pizarrascastedo.com



SILVA SD: FÚTBOL DE BARRIO, ORGULLO DE CIDADE

O club coruñés leva dez anos na Terceira División e xa está preto de confirmar unha nova permanencia.

Non todo comeza nos grandes estadios. Ás veces o fútbol nace entre rúas humildes, no latexar dun barrio, na man que empuxa sen pedir nada a cambio. En A Coruña, no corazón silencioso dunha cidade que respira fútbol, vive o Silva SD. Leva dez tempadas seguidas en Tercera División. Sen escaparates. Sen escándalos. Sen querer ser outro. Leva dez tempadas sendo o que é: un club con alma.

Este curso, outra vez, o Silva está onde ten que estar. Competindo. Loitando. Facéndose respectar. A permanencia está ao caer, e de novo con honra, sen mirar cara abaixo e sen renunciar a nada. Porque este equipo non se conforma, pero tampouco esquece quen é.

A súa gran estrela ten nome propio: Rodrigo Parafita. O zurdo que comezou como lateral e agora é pichichi da categoría. Leva 17 goles e medio país futbolístico pregúntase como non chegou antes máis arriba. Esta tempada, xogando máis adiantado, está a romper todas as previsións. Ten 26 anos, pero xoga coa fame de quen sabe que ten moito aínda por dicir.

E mentres Parafita brilla, outros sustentan o edificio. Na portería, Carlos García, con só 20 anos, xa demostra o que vale. Xunto a el, Bugy e Christopher completan unha portería de luxo. En defensa, segue imperturbable Antonio López, que con 42 anos non é só un xogador: é unha lección viva de fidelidade. Tamén está Marcos Rodríguez, fichado este ano, que paseniño foi entrando no once ata converterse nun fixo.

No lateral dereito, Braís Lema, nove tempadas no club, é unha declaración de principios: intensidade, dureza, compromiso. Un xogador que define ao Silva mellor ca ningunha palabra. E detrás veñen máis: Raúl Melo, Alex Montero, Diego Lamas, Hugo Baldomar —todo calidade—. E a xeración nova xa asoma: Adrián Ogando, Carlos Rodríguez, Dani Estranil... Proxecto e futuro.

O vestiario é unha mestura de xeracións, de historia e de presente, de ganas e de memoria. E todo iso, unido e firme, o dirixe Iván Sánchez, adestrador que soubo entender que este club non se pode moldear: hai que escoitalo.

O Silva non é un paso na historia. É unha liña continua. Un club que naceu no esforzo e que resiste cada tempada como un acto de amor ao fútbol. E se hai quen pensa que a Tercera é só unha escala para estar de paso, que veña un domingo a A Grela e vexa o que é construír algo con raíces.

Aquí hai identidade. Aquí hai orgullo. Aquí hai Coruña.

Porque o Silva SD non se entende sen a cidade, e a cidade —a que vai máis alá da Torre, máis alá de Riazor— necesita sempre un club coma este: sen ruído, pero con corazón. E se algunha vez o vento sopra forte, este equipo xa sabe como resistir. Porque no fútbol, como na vida, os que quedan son os que cren. E o Silva leva dez anos crendo.



METALVIL

En Metalvil, contamos con experiencia probada en diseño, fabricación, montaje y mantenimiento de todo tipo de productos metálicos
Nuestros servicios están destinados a obra pública y sobre todo a obra privada
cumpliendo las exigencias de cada proyecto
Carrilería aérea, Cerramientos, Estructuras metálicas, Soldadura, Naves industriales, Cámaras frigoríficas...
Trabajamos en ámbito autonómico y nacional

No dude en ponerse en contacto con nosotros y le podremos asesorar en la mejor solución para su empresa

info@metalvil.com

646 72 35 85

www.metalvil.com



O SOMOZAS BUSCA A SALVACIÓN CUN FINAL DE TEMPADA A CONTRARRELOXO

O equipo de Stili, que comezou con ambicións maiores, vive na loita pola permanencia nun curso irregular.

A tempada 2024/25 da UD Somozas está a ser un camiño máis accidentado do agardado. A escuadra que adestra Antonio López "Stili", un vello coñecido no Manuel Candocia, comezaba o curso con obxectivos máis ambiciosos, coa intención de loitar pola parte nobre da Tercera Federación. Pero o fútbol non entende de plans sobre o papel, e o equipo viu como os resultados lle daban as costas durante boa parte do campionato, chegando mesmo a ocupar postos de descenso.

Foi a partir das últimas xornadas cando o Somozas comezou a reaccionar, sumando puntos clave que lle permitiron saír, polo momento, das prazas perigosas. A situación segue sendo delicada e todo apunta a que a loita pola permanencia será agónica ata a última data, pero o conxunto verdibranco está disposto a deixar todo no campo para continuar un ano máis na liga.

A nivel individual, o equipo combinou xuventude e experiencia baixo paus, coa alternancia entre o mozo Adrián Casillas e o veterano Paco Fernández. Na liña defensiva, nomes como Manu Mariña, Berto Rodríguez e Jorge Longueira convertéronse en pezas fixas, acumulando minutos e regularidade ao longo da campaña.

No centro do campo, a columna vertebral foi clara: Ander García, Bruno Be-

llas, Iñaki Leonardo e Javi Sanmartín superaron con folgura os 2000 minutos, sendo imprescindibles na engrenaxe dun equipo que buscou equilibrio e intensidade no medio.

No aspecto ofensivo, a nota máis salientable chega da man de Juan Cambón. O dianteiro, que afronta o seu terceiro curso no club, asinou xa 10 goles e superou as cifras anotadoras das súas anteriores campañas en Somozas, converténdose na principal referencia atacante.

No banco, a figura de Stili cobra protagonismo. O técnico de Cedeira asumiu o mando o pasado verán, encarando a súa terceira etapa á fronte do club e encargándose tamén da dirección deportiva. Chegaba tras unha destacada traxectoria no Galicia de Mugardos e aceptaba o reto de construír un proxecto competitivo na Tercera Federación. Os resultados foron irregulares, pero os seus mantéñense con vida e a súa man é visible na solidez mostrada nos últimos encontros.

O Manuel Candocia agarda con ansia os últimos duelos da tempada, consciente de que cada punto pode ser decisivo. A afección, sempre fiel, ten claro que aínda queda batalla por dar. O Somozas, con orgullo e compromiso, buscará selar a permanencia e pechar un curso difícil con final feliz.

**EDIFICACIÓN**

**REFORMAS Y RESTAURACIONES**

**OBRA CIVIL**

**NAVES INDUSTRIALES**

**URBANIZACIÓN**

**GUERREIRO
SOMOZAS**

**981 404 355**

www.guerreirosomozas.com

info@guerreirosomozas.com

**A Garita, s/n - As Somozas (A Coruña)**



GRAN PEÑA 2024/25: ORGULLO SEN ESCUDOS PRESTADOS

Despois do adeus ao Celta, o club vigués reinventouse e atopou o seu propio camiño na Terceira División.

Tras tres anos baixo o paraugas do Real Club Celta de Vigo como segundo filial, o Gran Peña Fútbol Club iniciou esta tempada 2024/25 unha nova etapa como club independente. A ruptura oficial do convenio de filialidade co club celeste produciuse en xuño de 2024, logo de que a dirección deportiva do Celta decidise non renovar o acordo para favorecer unha transición máis directa dos xuvenís cara ao Celta Fortuna, o seu equipo filial en Primeira RFEF.

Pero lonxe de supor un freo, esta escisión converteuse nun novo punto de partida para a entidade de Lavadores, que está a asinar unha tempada moi sólida no Grupo 1 da Terceira. Sen perder a súa esencia formativa, o Gran Peña consolidouse como un dos bloques máis competitivos da zona media da táboa, cun plantel novo, atrevido e cheo de futbolistas en proxección.

O equipo, dirixido por Martín Blanco, ten xa asegurada a permanencia na categoría, cun rendemento constante ao longo da tempada e ofrecendo boas prestacións tanto na casa como fóra. No apartado defensivo destacan con luz propia Diego Cantero e Toni Armada, dous xogadores clave pola súa seguridade, criterio na saída de balón e capacidade para interpretar diferentes situacións do xogo.

Na portería, Andrés Álvarez —chegado esta tempada desde o Cultural Areas— fíxose co posto de titular e está a demostrar que é un gardameta moi completo, con grandes intervencións e manexo do xogo aéreo.

O medio do campo está dominado por dous dos nomes propios da tempada: Diego González e Dani Rosas. O primeiro, formado no CD Choco, é un dos futbolistas revelación do curso; o seu control, visión e capacidade para abarcar campo fixérono indispensable no once. O segundo, que o curso pasado militaba no xuvenil do Val Miñor, está a destacar non só pola súa regularidade, senón tamén pola súa pegada: suma xa 12 goles e o seu nome comeza a soar nos despachos de clubs de categoría nacional. Ambos acumulan máis de 2.000 minutos esta campaña.

No ataque, unha das irrupcións máis impactantes é a de Julius Avinu. Extremo diestro, de 21 anos e natural de Ghana, debutou avanzado o curso e xa acumula seis goles. A súa velocidade, descaro e capacidade de desborde están a marcar diferenzas en cada partido.

Todo isto, unido ao bo papel do equipo no Municipal de Barreiro —un campo cunha renovada imaxe e capacidade para 4.500 espectadores—,



conxura un presente ilusionante e un futuro prometedor. Porque o Gran Peña non só resistiu o adeus ao Celta: decidiu escribir o seu propio destino. Con orgullo de barrio, con alma nova e cunha paixón que non entende de escudos prestados, este equipo reafirmase no seu camiño. E nese camiño, agora si, manda o corazón.



**TODO LO QUE PUEDAS NECESITAR
A TU DISPOSICIÓN LOS 365 DÍAS**

Tienda con gran variedad de artículos
de alimentación, droguería, envíos de dinero,
recargas, comida de mascotas...

**Open
World** **24
HORAS**

C/ Vázquez Varela, 11 . Vigo - M. 642 502 802 **f Openworld24h**



**IMPERIAL - AMADEUS
CERVECERÍA - TAPERÍA**

EXQUISITA COMIDA CASERA

Servicio a domicilio
Tel.: **619 316 175**

Colombia, 24 bajo VIGO
Teléfono: **986 423 680**



ONDE ROMPE O MAR, RESISTE O CORAZÓN CELESTE

A paixón polo Viveiro mantén vivo o latexo de Cantarrana en plena loita pola permanencia.

Na Mariña Lucense, onde o Cantábrico bate con forza nas rochas e o vento leva consigo os ecos da tradición, o fútbol tamén é identidade. Alí vive o Viveiro CF, un emblema centenario que, tempada tras tempada, segue loitando por manter viva a súa esencia entre os grandes desafíos da Tercera Federación.

Este curso 2024/25 está sendo un auténtico exercicio de resistencia. Unha proba máis desa capacidade mariñá para seguir adiante, mesmo cando a mar está brava. O Viveiro, dirixido agora por Adrián Benavides, loita por acadar a permanencia e chega ao tramo final con folgos renovados tras importantes vitorias ante equipos potentes como o Noia ou a Sarriana.

Se hai un nome que resume a entrega desta tempada é o de Germán Giammattei. Catorce goles leva o dianteiro celeste, que está a vivir a súa mellor campaña como futbolista. Tras el, Diego Sentin, con sete tantos, tamén puxo o seu gran de area para manter o Viveiro a flote.

No medio do campo, brilla con luz propia Adri Lombao. Natural da Coruña e formado durante once anos na canteira do Depor, Adrián está a disputar a súa segunda tempada en Cantarrana. Cunha madurez impropia dos seus 20 anos, converteuse nunha peza fundamental. É deses xogadores que falan co balón nos pés, que comprenden o xogo como un idioma máis da terra. Xunto a el, mozos como Chuca ou Sylla apuntan alto. Se cadra, máis pronto que tarde, os veremos en categorías superiores pero hoxe son e senten celestes.

Tamén están a render a gran nivel homes como Diego Fernández, Diogo ou Fran Rolle, fundamentais nun bloque que, malia as dificultades, mantén a esperanza viva. Porque o camiño non foi doado. O Viveiro tivo que pasar por tres adestradores: Jandry Rego, que comezou con boas sensacións; Fabri, quen pese á súa experiencia, non conseguiu cambiar a dinámica e presentou a súa dimisión; e finalmente Benavides, que chegou en febreiro para agarrarse á salvación con mans mariñeiras.

O presidente, Luis del Río, mantén firme o leme dunha entidade que non é só un equipo, senón parte do patrimonio emocional de Viveiro. No ano



2023 celebrou o seu centenario, cunha traxectoria que daquela acumulaba 27 tempadas en Tercera División. A actual, a 2024/25, é a número 28, nun percorrido histórico que inclúe tamén cinco fases de ascenso a Segunda B durante a inesquecible década dos 90.

Porque Cantarrana non é un campo calquera. É un fogar de historias, de emocións, de berros afogados polo mar. Cada partido alí é unha comunión entre xente e escudo, entre memoria e presente. E o Viveiro, por moitas voltas que dea o vento, sempre será o corazón celeste da Mariña Lucense.



Avda. da Coruña, 301 - 1C
27003 LUGO • Tel 662 683 233
monchitolorenzo@hotmail.com

ESCAYOLAS VINTE

Decoración en escayola, estanterías de pladur, falsos techos desmontables, tabiquería y techos en pladur, yesos proyectados, morteros, cornisas, molduras, frisos, trasdosados, revestimientos, reformas... Realizamos todo tipo de trabajos en escayola y pladur.

📞 982 404 621

📞 600 783 656

✉ escayolasvinte@hotmail.com

📍 Veiguiña, 21 Baixo - 27400 - Monforte de Lemos (Lugo)



TRABALLAMOS POLA INTEGRACIÓN DOS MAIORES NA UNIDADE
FAMILIAR EVITANDO O DETERIORO DA CONVIVENCIA

Horarios
abertos e
servizo de
transportes

Atención
individualizada:
asistencia
psicolóxica

Estimulación
cognitiva e
motora

Actividades de
vida diaria
dirixida por unha
terapeuta
ocupacional

Estimulación
sensorial e
alimentación
supervisada por
nutricionista

Rúa San Eufasio, 7 - Baixo · 27004 LUGO (xunto á estación do tren) Tel: 660 56 38 35 · Tel/Fax: 982 26 50 71

O CD BOIRO E A FORZA DE QUEN NUNCA SE RENDE

A chama da afección mantense viva nunha tempada intensa e chea de obstáculos.

Hai cousas que non cambian, como o cheiro a salitre en Barraña, as empañadas na mochila cada domingo ou os vellos falando do equipo entre eles, con esas conversas baixiñas que xa son parte do ambiente. O CD Boiro é un deses equipos que forman parte da paisaxe: como o mar, como o monte, como o vento que vén da ría e empurra o balón nas tardes de inverno.

Esta tempada, o Boiro volveu á Terceira Federación despois de varios anos intentando o ascenso desde Preferente Galicia. Foi un camiño longo, cheo de traballo e paciencia, pero por fin lograron regresar á categoría nacional. E como sempre fixeron: sen ruído, con humildade, confiando na forza da súa xente.

A tempada non está sendo doada. O equipo tivo que aprender rápido, adaptarse, sufrir, e aínda así chega ás últimas xornadas con todo por decidir. Agora, toca loitar pola permanencia, sen rede, con ese espírito que xa é marca da casa: traballo, silencio e corazón.

A finais de xaneiro, houbo un cambio na dirección do barco. Cardeñosa deixou o posto, e chegou José Tizón, vello coñecido das bancadas galegas, curtido en mil batallas no Choco, Alondras ou Atios. Desde entón, o equipo foi medrando, gañando corpo, gañando fe.

E se hai un nome que soa en Barraña cada domingo, ese é o de Dani Pedrosa. O de Ribadeo chegou desde o Bergantiños e axiña se gañou o respecto da categoría: goles, entrega, carácter. Un deses xogadores polos que pagas entrada. A carón del, Sylla, menos goleador pero igual de imprescindible, achega forza, calidade e criterio. Leva cinco goles, pero o que dá non se conta só en números.

O centro do campo é cousa de Mario Romero, Mario Prol e Álex Rey, que manteñen o equilibrio entre o oficio e a creatividade. E na defensa, comezan a destacar nomes propios que falan de futuro: Yosi, que vén do Estradense e formouse no San Mamed, leva máis de 2.400 minutos de lateral dereito, xogando como se levase toda a vida na categoría. Ao seu lado, Dani Nieto, con só 20 anos, xa é outro fixo da zaga.

Na portería, o Boiro ten un luxo pouco común na categoría. Borja Rey era indiscutible ata a súa lesión a finais de marzo. A súa ausencia obrigou o club a moverse rápido e fichar a Pablo Brea, outro gardamallas de moita calidade.



Agora, coa recuperación de Rey, o dilema está servido para Tizón: dous porteiros de garantías, e unha única portería para defender cada fin de semana. O obxectivo era a permanencia, si. Pero ninguén pensaba que habería que suar ata o último segundo de liga. E, con todo, quen coñeza Boiro sabe que este club sempre foi de remar, de resistir, de non renderse. Porque aquí, no fondo, todo vai máis alá do fútbol. Vai de identidade, de comunidade, de sentir que cada domingo hai algo que defender, algo polo que berrar.

O CD Boiro é iso: un equipo pequeno con alma grande, un club de barrio que leva o corazón dunha vila enteira. E pase o que pase, seguirá estando aí, co mar ao fondo, a grada chea e os nenos xogando tras a portería. Porque alí, en Boiro, o fútbol é moito máis ca fútbol.



Korporis
GYM

www.korporis.es
 981 972 643
 korporisboiro@gmail.com
 C/ Cimadevila 18 Bajo, Boiro



GRUPO
Fidalgo



serranogundin136@gmail.com
Avda. Finisterre, nº 77
Coristanco (A CORUÑA)

Teléfonos:
981 73 43 92 - 610 506 909



O BARBADÁS ENFRÓNTASE AO TRAMO DECISIVO COA PERMANENCIA EN XOGO

O equipo ourensán depende de si mesmo nas últimas xornadas tras unha tempada bastante irregular.

OBarbadás afronta o sprint final da Terceira Federación coa permanencia como obxectivo principal. O conxunto ourensán, que cumpre a súa segunda tempada consecutiva na categoría tras o último ascenso, chega ás últimas xornadas con todas as opcións abertas, aínda que coa obriga de sumar nun contexto de máxima esixencia pola igualdade existente na zona baixa.

A campaña pasada, o equipo de Os Carrís xa sorprendera ao lograr a salvación nun curso no que partía como un dos principais candidatos ao descenso. Non só evitou a zona perigosa, senón que rematou en novena posición, aínda que con só dous puntos de marxe sobre o Rápido de Bouzas, que acabou descendendo a Preferente. Esa experiencia reforzou ao grupo, pero a presente campaña está a ser especialmente dura.

O Barbadás non foi quen de encadear dúas vitorias seguidas ao longo de toda a tempada, e iso penalizou a súa progresión. Porén, conseguiu ir sumando con regularidade e chega vivo á parte decisiva da competición, dependendo de si mesmo. O reto, con todo, non será menor: a igualdade na loita pola salvación é total e cada punto pode marcar a diferenza.

No plano individual, destaca o rendemento dos laterais David Nespereira

e Gabriel Losada, importantes tanto en tarefas defensivas como na profundidade ofensiva. No centro do campo, Pablo Rubio está a asinar unha gran tempada, sendo un dos mediocampistas máis completos da categoría. En ataque, Gavi achegou pegada e rolda xa a decena de goles, mentres que o mozo Fernando Iglesias, con só 20 anos, consolidouse como un recurso fiable en momentos clave, anotando goles decisivos.

A dirección técnica tamén tivo cambios significativos. Tras a destitución de Juanjo Vilachá antes do Nadal, o club confiou de novo en Guillermo García, un nome coñecido e querido no entorno do Barbadás. O actual técnico, socio número 5 da entidade, xa vivira unha etapa anterior no banco de Os Carrís, con varios títulos de copa e tempadas nas que rozou o ascenso a Terceira. Agora, regresa cun único obxectivo: manter ao equipo un ano máis na categoría nacional.

O Barbadás sabe que o camiño non será doado, pero tamén é consciente de que a permanencia está nas súas mans. Con confianza no grupo e o apoio do seu público, o equipo buscará pechar a tempada como o fixo o pasado curso: cun final feliz.



DESQUACES

GOMEZ ALEN, S.L.

Ctra. Santiago, km 246 | GUSTEI - 32100 Coles (Ourense)

Teléfonos: 988 204 217 - 988 204 363

✓ **Recambios** ✓ **Bajas de vehículos** ✓ **Tasaciones** ✓ **Servicio de Grúa**

Desguaces en Ourense



FORNOS ARNEIRO

ARNEIRO Nº 30 COSPEITO (LUGO)

Telf. 626 190 915 - 982 528 121

fercatosa@hotmail.com





VILLALONGA CF: IDENTIDADE, REGRESO E EQUILIBRIO

A loita pola permanencia marca unha tempada de aprencizase e adaptación.

OVillalonga CF non se mide só polos éxitos deportivos, senón pola súa capacidade para volver erguerse cando todo semella costa arriba. Tras un descenso inesperado hai seis anos, o equipo soubo recompoñerse na Preferente e, despois de tempadas de traballo e constancia, conseguiu volver á Terceira División na campaña 2023/2024. Non foi un retorno casual, senón a consecuencia lóxica dun proxecto que nunca perdeu o norte.

O Villalonga pertence á parroquia homónima do concello de Sanxenxo. Cunha traxectoria que suma 24 tempadas en Terceira División e tres participacións na fase de ascenso á antiga Segunda B, é un dos clubs máis recoñecidos do fútbol galego. A súa identidade vai máis alá do campo: forma parte da vida da súa contorna, dunha maneira de entender o deporte e o sentimento colectivo. O ascenso da pasada campaña foi o colofón ao traballo de Luciano González, quen recollera o equipo mediada a 2022/2023 nunha situación límite e logrou a salvación contra prognóstico. Un ano despois, levouno ao éxito do ascenso. Con todo, a súa etapa rematou a finais de 2023, sendo substituído por Alberto Mariano, un técnico coñecido no fútbol galego por etapas anteriores en Estradense e Arzúa. Chegou a mediados de novembro coa misión de darlle continuidade ao proxecto e garantir a permanencia.

No plano futbolístico, o Villalonga está a construír unha campaña baseada no equilibrio e na fiabilidade. Rodri Iglesias fixo súa, unha vez máis, a portería, amosando seguridade e carácter. Na liña defensiva, o papel de Nico Fraga, Guachi, Martín Pérez e Juan Barbeito está a ser clave para manter a orde e a firmeza do equipo.

No centro do campo, Jesús Barbeito e Rachu forman unha sociedade de moito peso. Ambos achegan claridade, criterio e capacidade para interpretar os partidos, converténdose en referentes nunha categoría onde o control do ritmo é fundamental.

A estrutura do equipo complétase arriba con dous homes que están a marcar diferenzas: Marcos Blanco, que xa superou a decena de goles, e Tomás Abelleira, que achega calidade, visión e continuidade ao xogo ofensivo.

O Villalonga enfróntase ao tramo decisivo da tempada coa firme intención de consolidar a súa volta á Terceira. A permanencia non será doada, pero o equipo conta cun cadro sólido, un corpo técnico comprometido e unha estrutura que sabe moverse nestes escenarios. O reto é grande, pero tamén está ao seu alcance.



Talleres Maycars.I.

Venta de vehículos nuevos y de segunda mano multimarca. Localizamos el vehículo que quiere, se lo traemos. Nuestros coches están totalmente revisados y cuentan con garantía. Taller de mecánica en general, chapa, pintura, electricidad, reparación de averías, mantenimiento y mecánica rápida. Financiación.

talleresmaycarsl@gmail.com Móvil. 666 537 897 / 670 412 842
Telf./ Fax.: 986 74 50 79

📍 Empalme nº8 - C.P.: 36 990 Vilalonga - Sanxenxo (Pontevedra)



PSICOTÉCNICO VIGO
CENTRO DE RECONOCIMIENTO MÉDICO

CENTRO MÉDICO :
Medicina General



CITA PREVIA :
986 11 90 45

C/Barcelona 58 Bajo - Vigo

LICENCIAS Y PERMISOS :
Conducción * Navegación * Armas
Perros peligrosos * Grúa Torre ...
Certificados Médicos y Control de Accesos

O MILAGRE DA GÁNDARA: O CD VALLADARES DESAFÍA OS XIGANTES

Un club humilde, forxado en barrio e orgullo, que resiste na loita pola permanencia na Terceira División.

El A No corazón do barrio vigués que lle dá nome, onde os muros son humildes pero as ilusións infindas, está a escribirse unha historia que se resiste ao esquecemento. A historia dun club centenario que regresou, trinta e seis anos despois, á Terceira Federación. Un club ao que poucos miraban, ao que moitos subestimaban. Pero tamén un club que se nega a renderse. Porque o CD Valladares é, a día de hoxe, un dos relatos máis épicos do fútbol galego.

Con un dos orzamentos máis baixos da categoría, con recursos que outros desprezarían, o equipo dirixido por José Carlos Italiani, "Ita", está demostrando que o fútbol non se xoga só con cartos, senón con alma. E diso, o Valladares, tena a rebentar.

Chegaron á Terceira tras unha tempada histórica, selando o ascenso na súa fortaleza da Gándara cun 3-1 ao Atios que quedará gravado para sempre. Pero non viñeron de paseo. Viñeron para quedar. E a falta de tres xornadas para o final, están loitando de ti a ti pola permanencia. Sen escusas, sen lamentos, con valentía.

Ao fronte da ofensiva está Miguel Freiría, un dianteiro que leva o gol tatuado na alma. Son xa doce os tantos que leva este curso, situándose entre os máximos goleadores da liga. Freiría é bandeira, é símbolo, é o dianteiro que leva ás costas a esperanza dun barrio enteiro.

Pero o futuro tamén se escribe con nomes novos. O de Diego Souto, por exemplo, un mozo que xoga coma se o mundo fose seu. A súa calidade non pasa desapercibida, e os ollos de categorías superiores xa pousan nel.

O Valladares é xuventude. Sangue nova que corre por todas as posicións, que non teme a presión, que loita cada balón coma se fose o último. Pero tamén conta con ese toque de veteranía que dá serenidade cando máis aperta o reloxo.

Nesa mestura perfecta destacan nomes como Álex Coira, Totti, Rubén Figueiras, Peku ou Abel Guisande, xogadores que están deixando claro que teñen nivel para brillar en calquera vestiario da Terceira. Sexan mozos ou



con experiencia, todos comparten unha cousa: o compromiso absoluto cun escudo que levan gravado no peito.

Hoxe, na Gándara, cada partido é unha batalla. Cun campo de catrocentas almas que roxen coma se fosen milleiros. Un lugar pequeno, si, pero onde se xoga con grandeza.

O CD Valladares é máis ca un equipo. É unha declaración de intencións. É a proba viva de que o fútbol aínda pertence aos valentes. E mentres quede un só segundo, un só balón por disputar, un só latexo de esperanza... este club seguirá loitando. Porque o milagre xa está en marcha. E o Valladares non pensa esperar.

LA BARBERÍA DE RIQUEI

Peluquería de hombre y Barbería ubicada en Vigo. Servicios: cortes de pelo clásicos y modernos, degradados, afeitado, recorte de barba... Atención de martes a sábado.

☎ 886 31 47 44

@labarberiadერიყი

labarberiadერიყი@gmail.com

📍 Ctra. Valladares, 237 - 36315 - Vigo

T. BERAUTO

Rodrigo Bermudez Nuñez

TLF: 986304477-678445260

berauto@hotmail.com

Polígono de castiñeiras nave nº 27 b - bueu Pontevedra



**LIMPIEZAS
OBRADOIRO**

www.limpiezasobradoiro.com

981 36 02 03

Ordes- Santiago-A Coruña- Ferrol- Lugo -Vilalba- Madrid



ENTRE A HERBA NOVA E A VELLA ALMA

O Atlético Arteixo resiste, loita con paixón e camiña sobre un novo tempo

Non todo comeza co asubío do árbitro. Ás veces, unha tempada empeza cun cambio invisible pero profundo. Nos últimos partidos do curso pasado, o Atlético Arteixo estreou herba artificial en Ponte dos Brozos. A herba natural, a de sempre, a que mollaba as botas e gardaba o arrecendo dos domingos vellos, quedou atrás. Agora é outra pel a que os sostén, pero a alma segue intacta.

O club afronta un curso esixente, moi distinto ao anterior. Hai apenas uns meses, o equipo rozaba a fase de ascenso, brillando cun xogo sólido e decidido. Esta vez, o guión é outro: toca pelexar pola permanencia, sobrevivir nunha Terceira Federación que non perdoa.

Segue á fronte Juan Riveiro, técnico de ideas firmes e prestixio gañado, un dos mellores da categoría. Coñece o club, entende o entorno, e mantén intacta a súa maneira de ver o fútbol: desde a calma, a coherencia e a ambición contida.

Nese modelo de confianza e traballo encaixa Jose Moure, o xogador con máis minutos esta tempada. Chegou do Paiosaco, onde xa coincidira con Riveiro, e a confianza do técnico nel segue a ser absoluta. Moure é carácter, intelixencia e talento. Sempre tivo ofertas doutras categorías, pero escolleu o ensino

como traxectoria vital, e o fútbol como paixón. Este ano, no centro ou no lateral, está a brillar coma os xogadores discretos que constrúen equipos de verdade.

Jorge Tomé impón lei na defensa: sobriedade, contundencia e unha saída de balón que poucos teñen. Adrián Otero mantén a súa condición de máximo goleador, con doce dianas. Ao seu carón, David Rojo —coruñés, ex da canteira do Deportivo e xogador do Ourense o curso pasado— suma xa seis goles nesta súa primeira campaña en Arteixo.

E arredor deles, o corazón colectivo: Naya, Pablo Ramos, Jota, Iván Dopico, Achore... nomes que non saen nos grandes titulares, pero que constrúen domingo tras domingo o verdadeiro significado de vestir unha camiseta.

O obxectivo é claro: permanecer. Pero en Arteixo o fútbol non se mide só en puntos. Mídese en compromiso, en identidade, en ser fieis ao lugar ao que se pertence. Cada partido é unha resistencia. Cada avance, unha declaración de dignidade.

Agora sen barro, pero co mesmo espírito, o Atlético Arteixo segue. Sen ruído, sen promesas baleiras. Cun estilo propio, e co orgullo silencioso dos que saben que a beleza tamén pode estar na loita.

Álvarez



PULIDOS
PAVIMENTOS
INDUSTRIALES

HORMIGÓN PULIDO • RESINAS EPOXI
HORMIGÓN IMPRESO • SOLADOS DE MORTERO

ADRIÁN

663 264 662

San Cibrao das Viñas

988 381 416 663 264 662

alvarezpulidosypavimentos@gmail.com

CANDO NADA SAE: O ANO PARA ESQUECER DO BETANZOS CF

O equipo foi abaixo antes de tempo e o camiño que ven esixe traballo serio, memoria curta e orgullo longo.

Hai anos duros. Hai cursos que saen mal dende o minuto un. E despois está o que lle tocou vivir esta tempada ao Betanzos CF. Pouco que matizar: descendido moito antes de que remate a liga, sen apenas opción real de permanencia e cunha sensación xeral de impotencia que doeu. Que doeu moito.

Porque Betanzos non é unha vila calquera. É a Cidade dos Cabaleiros, un dos lugares con máis historia e máis peso de toda Galicia. E o seu club, o Betanzos CF, leva anos loitando por volver ser o que foi. Por recuperar sitio, orgullo e identidade. Pero este curso foi, directamente, unha montaña rusa sen subidas.

Comezou Álex Suárez no banco. Quen o ano pasado fixera o milagre, salvando o equipo contra todo prognóstico e cun final de tempada de película. Pero este ano, por máis que intentou repetir a fórmula, a cousa non funcionou. Sete xornadas e cambio de timón: chegaba Claudio Corbillón. Con Claudio cambiou a cara, pero non os resultados. Loitou, buscou alternativas, exprimiu ao grupo e ao club. Nada que reprocharlle. Ao contrario: na directiva están contentos co seu traballo, e non sería estraño que sexa el quen comande o novo proxecto en Preferente FutGal. Coñecemento ten de sobra. Compromiso tamén.

No medio do temporal, houbo xogadores que deron a cara. Juan de Dora, Álex Delgado, Ángel Fernández, Iago López... Fútbol puxeron, entrega tamén. Pero cando o colectivo non responde, custa moito que os brillos individuais saian á luz. E neste contexto, falar ben dun xogador soa ata raro. Porque a tristeza pesa máis que calquera eloxio.

E por riba de todo, un nome propio: o de Ángel Fernández Lendoiro, máis coñecido como "Garrido". O presidente, sempre ao pé do cañón, viviu coma ninguén esta tempada tan dura. Co club no corazón e cun compromiso que non entende de categorías, será unha peza clave na reestruturación que vén. Porque haberá que reconstruír, e con el á fronte, o Betanzos ten quen o guíe.

A tempada 2024-2025 rematará mal, si. Pero xa se pensa na seguinte. Porque o Betanzos CF non é un club máis. É un club con pasado, con xente detrás e con moito que dicir. E iso, por máis duro que sexa un ano, non se perde nunca.



Calle Cobo, 29 Bajo - 15630 Miño (A Coruña)

Tlf. 981.78.24.94 Móvil - 696.476.271

@-l.aboy@coag.es

www.lmaboyarquitectura.es

ABOYARQUITECTURA

LUIS MANUEL ABOY SOTO
COL. 3074/COAG

PROGRAMA DE AXUDA AO DEPORTISTA

PROADE

- AXUDAR AOS DEPORTISTAS
NA SÚA INCORPORACIÓN
AO MUNDO LABORAL
- INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN
NOS TRÁMITES QUE POIDAN
NECESITAR
- AXUDA NA CARREIRA DUAL
- ATENCIÓN PSICOLÓXICA
GRATUÍTA AOS DEPORTISTAS

TENDES O NOSO APOIO



deporte.xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA

ESTAMOS AO VOSO LADO



CD ARENTEIRO: A FORZA MODESTA QUE RESISTE DESDE ESPÍÑEDO

Desde a terra do polbo, o equipo máis humilde da Primeira Federación loita por unha nova permanencia.

No corazón de Galicia, onde o polbo se serve con tradición e as rúas de Carballiño respiran vida propia, hai un equipo que leva anos construíndo algo diferente. O Arenteiro, ese club que moitos aínda miraban con descoñecemento hai non tanto, é hoxe un nome respectado en toda a Primeira Federación. E faíno, como sempre, á súa maneira: sen ruído, sen alardes, pero con coraxe.

A falta de cinco partidos para o final, os de Raúl Jardiel ocupan a duodécima praza. E pode soar discreto, pero é unha auténtica fazaña para o club co presuposto máis baixo da liga. En Espiñedo, onde a herba leva a memoria de mil batallas, cada punto vale dobre, cada partido é unha historia de superación. Na primeira volta, o equipo amosou unha versión ilusionante. Pero o inverno levou por diante dous piares: Diego Gómez, ese talento cedido polo Deportivo que foi recuperado polos coruñeses, e Javi Moreno, que marchou ao Albacete para probar sorte na Segunda División. Desde entón, o Arenteiro baixou un pouco o ritmo, pero non perdeu nin a fe nin o carácter.

Segue habendo argumentos de sobra para crer. O dianteiro Marcos Baselga é o nome propio da tempada, con once dianas que falan do seu olfato e da súa entrega. Ao seu carón, Enol Rodríguez, sempre incómodo para as defensas, xa suma sete goles. Pero se hai un nome que emociona é o de David Ferreiro.

Aos 37 anos, este veterano de Primeira está a dar unha lección de compromiso, fútbol e clase. Xoga como pensa, pensa como sente.

E hai moito máis. Nos laterais, Iano Simão e Jordan asinan unha tempada notable, mentres que Margel, Pascu, Tarsi e Martín Solar forman ese núcleo silencioso que fai funcionar todo. Un bloque. Un equipo. Un orgullo.

E logo está Diego García, ese gardameta que chegou ao Arenteiro en 2020, cando aínda estaban en Terceira, e que foi chave nos dous ascensos consecutivos. Hoxe, segue sendo indiscutible. Parando, lendo o xogo, dominando. Un seguro baixo paus, con xogo de pés de primeira división e reflexos que lle dan puntos ao equipo. Se medise cinco centímetros máis, como se soe dicir por Espiñedo, estaríamos falando dun porteiro de Champions.

Todo isto sucede nun campo humilde, onde o cemento e a paixón conviven, e onde os veciños de Carballiño animan cada domingo como se fose unha causa propia. Porque, en certo modo, o é. O Arenteiro non é só fútbol. É identidade. É unha forma de ser.

Con seis finais por diante, o soño da permanencia segue vivo. E se chega, non será unha salvación calquera. Será a proba de que desde unha vila famosa polo polbo tamén se pode facer historia no fútbol semiprofesional. Sen grandes nomes, sen chequera. Só con alma.



Servicio a
Domicilio

Pescadería
Javier Gamallo
Trabajamos con pescado de la ría



986 859 225

Fray Juan de Navarrete, 11 (Galerías) 36001 - Pontevedra



Eurotrans 2000

S. COOP. GALEGA

SERVICIOS

- MUDANZAS
- GUARDERÍA
- TRASTEROS
- ALMACENAJE

**RECOGEMOS SUS MERCANCÍAS,
LAS GUARDAMOS Y SE LAS
ENTREGAMOS EN EL PUNTO
DE ENTREGA QUE SOLICITE.**

Coutada nova, 22 | VIGO (Pontevedra)

TELÉFONO: 986 333 158 - 646 485 284 - 646 485 285

TRANSPORTES

ALMACENAJES SERVICIOS



**Olivica Paqueteria
S.L.**



Avda. de Castrelos, 7 Bajo | 36210 VIGO (Pontevedra)



646 485 284/85



eurotrans2000@gmx.es

Ascenso del equipo Mirambel a la primera categoría de la Liga de la Asociación de Mus Rías Baixas

El equipo Mirambel ha logrado el ascenso a la primera categoría de la Liga de la Asociación de Mus Rías Baixas (MAR).

Este éxito llega después de que un grupo de amigos decidiese hace cuatro años constituir un equipo de mus y algunos de sus integrantes fueron aprendiendo con el paso del tiempo y siguiendo las enseñanzas del primer capitán, Miguel. A base de practicar han conseguido formar un equipo muy competitivo y en la próxima temporada aspiran a quedar en los puestos de arriba, aunque su principal objetivo es seguir pasándolo bien y continuar tan unidos como hasta ahora bajo la dirección del actual capitán, Tomás.

También quieren agradecer especialmente la colaboración de su patrocinador, Daniel, el propietario de la Tapería Mirambel, la sede del equipo y donde pasan muchas horas practicando este atractivo juego, que, además, declaran "nos trata muy bien".



Los miembros del equipo celebrando el éxito alcanzado



El capitán, Tomás, y el propietario de la Tapería Mirambel, Daniel, a las puertas del establecimiento hostelero

TAPERÍA Mirambel

Daniel Fernández Gómez

Móv: 629 96 33 50

Telf: 986 49 09 23

Canido Playa 125, 36390 Vigo

MENÚ DEL DÍA
PLATOS COMBINADOS
TAPAS VARIADAS

...

Cuenta actualmente con 180 socias y la primera consulta es gratuita al darse de alta

Woman Fitness, el único gimnasio de Vigo exclusivamente para la mujer

Vigo cuenta desde diciembre de 2016 con un gimnasio exclusivamente por y para las mujeres, Woman Fitness, el único de este estilo en la ciudad olívica. Al frente del mismo se encuentra Isa Costas Cordovés, una viguesa que comenzó esta actividad de forma profesional hace 35 años y que ya trabajó en un local de estas características que regentaba una venezolana.

Según comenta Isa, "el trabajo que se desarrolla es diferente al de hombres y contamos con instructoras y monitoras debidamente formadas y certificadas. En total somos un equipo de cinco personas, incluida yo".

Woman Fitness cuenta actualmente con 180 socias "y la primera

consulta es gratuita al darse de alta", matiza la propietaria del gimnasio.

Isa se muestra ilusionada con su consolidado proyecto, "porque nuestro fin último es el bienestar de las alumnas, con atención personalizada. Además del ejercicio físico, ofrecemos un servicio nutricional para perder peso y consejos para una vida más saludable".

Pero las ofertas de Woman Fitness no paran ahí, ya que dan clases de pilates, yoga, zumba, spinning y box funcional, que se trata de boxeo con música basado en las artes marciales, además de muchas otras. Por si todo ello fuera poco, de forma puntual se realizan prácticas de defensa personal.



Isa, la propietaria del centro, afirma que "nuestro fin último es el bienestar de las alumnas"



WOMAN FITNESS

Un gimnasio por y para la mujer

C/ Martín Echegaray, 4 - Loc. 1

36209 Vigo

T. 986 129 596

www.woman-fitness.es

GALICIA LATE NA DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL

Depor e Celta loitan polo título nun grupo onde todos os galegos manteñen viva a súa batalla.

A División de Honra Xuvenil, entra na súa recta final cun claro protagonista galego. Deportivo e Celta compiten pola gloria no grupo 1, pero son moitos máis os equipos da nosa terra que están a deixar pegada nesta esixente categoría. Desde o liderado ata a loita pola permanencia, os escudos irmandiños representan un presente forte e un futuro prometedor para o noso fútbol.

O liderado fala galego

O Deportivo da Coruña Sub-19 asina unha tempada de altísimo nivel. Lidera a clasificación e conta co máximo goleador da categoría, Rubén Fernández, que xa suma 22 goles. Séguelle de preto Adrián Gómez, do Pontevedra, con 21 tantos, demostrando que o gol leva acento galego. Tamén destacan os 18 goles de Miguel Conde, do RC Celta, e de Lucas Castro, tamén deportivista.

O Celta é o equipo máis goleador da categoría, con 89 dianas, dúas máis que o propio Depor. Pola súa parte, o Sporting de Gijón mantén o muro máis sólido, con só 22 goles encaixados.

O futuro xa está aquí

A aposta polo talento novo é clara nos dous grandes. No Deportivo, xogadores como Adrián Guerrero, Pablo García, Noé Carrillo, Samu Fernández ou Manu Ferreiro deron o salto ao Fabril neste curso, o filial branquiazul. A chegada de Dipanda no inverno tamén reforzou o bloque dun equipo dirixido por Miguel Figueira, que soubo xestionar contratempos cunha aposta firme pola base.

No Celta, Andrés Antañón e Hugo Burcio teñen xa ficha do Fortuna, mentres que Ángel Arcos, Pablo Gavián, Óscar Marcos ou Iago Barreiros están en dinámica habitual co segundo equipo celeste. Un reflexo do gran traballo das canteiras de A Madroa e Abegondo.

A segunda liña tamén loita

Con 32 puntos, o Arosa SC mantense no medio da táboa. Consolidado na categoría, o equipo arlequinado é sinónimo de competitividade. A súa figura





CAFETERIA Y CERVECERÍA

Pantalla Gigante de
Tu canal satélite digital
El mejor menú de Vigo
Los bocadillos especiales
Lo mas importante, nuestros clientes

C/ Manuel de Castro, 23 - Vigo - Telf. 986 23 77 45





ATLÉTICO CORUÑA MONTAÑEROS

máis destacada é Alejandro Seijo, que suma 12 goles, pese a ter perdido varios partidos por lesión. Tamén brillan Juan Diego, Luendo, Paulo, André, Sindo, Úbeda, Yeray ou Pedro Bouzada.

Cos mesmos puntos que o Arosa aparece o Pontevedra CF, equipo que conta coa estrela do momento: Adrián Gómez, goleador de 21 tantos. Chegado este curso procedente do propio Arosa, é xogador de segundo ano, polo que podería seguir na División de Honra a vindeira tempada. Xa hai observadores de varios clubs da LFP atentos á súa progresión. Ademais, Hugo Caride está deixando tamén un rendemento espectacular.

Zona quente: todo por decidir

Con 31 puntos, a tan só un da dupla Arosa-Pontevedra, aparecen SD Compostela, CD Choco e Atlético Coruña Montañeros. A tempada dos composteláns está por baixo do esperado, pero se logran a permanencia poderase considerar positiva. Os nomes de Iker Gil, Jacobo Folgar e Lucas González están a deixar moi boas sensacións.

O Choco, pola súa parte, segue a demostrar que os milagres existen. Os de Redondela buscan unha nova salvación nunha categoría durísima. Xogadores como Nico Alonso, Marche, Gabri Vázquez ou Pablo Pereiro apuntan maneiras de futuro.

O Montañeros, dirixido por Rubén García, vén de sumar 6 dos últimos 9 puntos e está fóra do descenso. O técnico de Cee colleu o equipo na xornada 14 e dálle identidade propia a un bloque onde destacan xogadores como Óscar Fernández, Diego Enjamio, Bruno Barbeito, Javi García ou Roi Ferreiro.

Val Miñor: soñar con reaccionar

O último dos equipos galegos é o ED Val Miñor, que ocupa praza de descenso, pero só a un punto da salvación e a tres do sétimo posto ocupado polo Arosa. O equipo de Marco Antonio Rodríguez ten a permanencia ao seu alcance e depende de si mesmo. A calidade do plantel é alta, con nomes como Max, André, Bouzada ou Cuevas. O caso de Max é especialmente prometedor: é un atacante de primeiro ano cun potencial enorme.

Galicia, presente e futuro

A División de Honra Xuvenil está a reflectir o excelente traballo do fútbol base galego. Con xogadores xa en dinámica de filial, futuros profesionais en formación e clubs como Arosa, Choco ou Montañeros pelexando sen complexos, o panorama é ilusionante. E mentres Celta e Depor disputan o título, o resto dos equipos da terra demostran que a elite xuvenil tamén se escribe en galego desde a modestia.



Autos Patiño Noia, S.L.
www.autospatino.es

Pol. Industrial Augalevada. Parc 10
Noia (A Coruña)
T. 981 824 865 • M. 629 212 851
gerencia@autospatino.volkswagen.es



Más que Sushi

El empresario hostelero se muestra satisfecho de cómo marcha el negocio y afirma que "el público está respondiendo muy bien y lo que más demandan sus clientes es el sushi y de postre la tarta de queso".

NIKKŌ

ESPACIO GASTRONÓMICO

UN JAPONÉS DIFERENTE



México, 10 • VIGO • 886 13 05 76

www.restaurantenikko.com

RESERVAS
Y PEDIDOS



Tras proclamarse el equipo pontevedrés campeón de la fase regular de la Liga Guerreras Iberdrola

La neerlandesa Anouk Nieuwenweg, primer fichaje del Mecalia Atlético Guardés

La internacional neerlandesa Anouk Nieuwenweg es el primer fichaje del Mecalia Atlético Guardés para la temporada 2025-26, en la que el conjunto pontevedrés volverá a competir en Europa tras proclamarse campeón de la fase regular de la Liga Guerreras Iberdrola.

La lateral derecho, de 28 años, procede del MKS Lubin de Polonia. Anteriormente defendió las camisetas del Chambray Tournai francés y de los equipos alemanes HSG Bad Wildungen, Thüringer y Neckarsulmer SU.

“Tengo muchas ganas de la próxima temporada, creo que este año lo están haciendo increíble y estoy muy emocionada. De cara al año que viene, el club tiene muy buenos objetivos y yo quiero ser parte de ellos”, declaró la jugadora durante la rueda de prensa celebrada en la mañana del 19



Cecelia Cacheda es una de las diez jugadoras que han renovado con el conjunto guardés



La nueva incorporación tiene 28 años y procede del MKS Lubin de Polonia

de abril en la sede del club.

La neerlandesa es el primer fichaje del Guardés y la undécima jugadora anunciada para la próxima temporada tras las renovaciones de Cristina Cifuentes, Cecilia Cacheda, Blazka Hauptman, Ania Ramos, María Sancha, Carme Castro, Elena Martínez, Estela Carrera, María Palomo y Jazmin Mendoza.



Suministros Navales
SANTA TECLA S.L.

www.teclapesca.com

Avda. de Portugal, 128 • 36788 A Guarda (Pontevedra)

TLF. 986 608 906 • FAX. 986 627 304

oficina@st.teclapesca.com



*Cuando la voz
de la primavera
le habla al mar de
a Guarda*

PIZZERÍA
Di Marco

Rúa A Coruña, Número 6
A Guarda 📞 986.13.82.45.
📱 @dimarco_pizzeria.aguarda
MENÚS DEL DÍA 13,95€



MASTER
CADENA

MASTER LA GUARDIA

T. 986 611 973
C/ Manuel Álvarez, 20
A GUARDA

www.mastercadena.es
@laguardia@mastergalicia.com

Síguenos en





Teléfono de reservas
986 61 10 15
A Roda, 24 - 36780 A Guarda



CASA
CHUPA
OVOS

Desde
1960





ANA PELETEIRO NON DEIXA DE EMOCIONARNOS

A triplista galega reconquista Europa e brilla con forza no planeta.

Hai atletas que compiten e atletas que desafían o destino, que non pisan a pista senón que a conquistan, que non saltan por centímetros senón por convicción. Ana Peleteiro é unha delas. Salta con furia, con orgullo, coa historia da súa terra pegada á alma. En cada voo seu late Galicia enteira. E en cada medalla, a proba de que o talento, cando se forxa con carácter, pode mover o mundo.

A súa traxectoria xa era admirable, pero o que fixo nos últimos meses vai máis alá do éxito deportivo: é unha oda á resiliencia, ao orgullo de volver ás raíces e á forza dunha muller que se converteu en símbolo de superación. En marzo de 2025, na cidade neerlandesa de Apeldoorn, Peleteiro voou máis alto ca nunca. Na final do Campionato de Europa en pista cuberta proclamouse campioa cun salto de 14,37 metros, a mellor marca europea da tempada. Un ouro incontestable, rotundo, que a senta no trono do triplo salto continental. Pero ese salto é moito máis ca unha marca: é unha declaración de principios. Ana non volveu: renaceu.

“Quero que a miña filla se críe no mesmo lugar no que me criei eu”, declarou ao anunciar o seu regreso a Galicia. E cumpriu a súa promesa. No outono de 2024 deixou o grupo de Iván Pedroso para instalarse de novo en Ribeira e adestrar baixo a dirección do seu marido, o tamén triplista Benjamin Compaoré. Máis ca un cambio técnico, foi un acto de amor pola súa terra, pola súa xente, pola súa vida.

Xa en 2025, a súa nova etapa persoal e deportiva deu froitos incontestables. Primeiro foi o ouro europeo, e pouco despois, o bronce mundial. En Nanjing, no Mundial de pista cuberta, volveu subir ao podio cun terceiro posto que se suma aos xa acadados en Birmingham 2018 e Glasgow 2024. Tres bronce mundiais, dous ouro europeos, un bronce olímpico... e a sensación de que aínda queda moito por diante.

Pero para comprender a verdadeira magnitude do que está a facer Ana Peleteiro hai que mirar máis alá do tartán. Porque Ana non compite só contra o metro e o centímetro, compite contra o límite do posible.

Ribeira, que foi berce, agora é de novo fogar. E alí, entre recordos de infancia e os novos desafíos da maternidade, Peleteiro atopa a forza para volver voar máis alto ca nunca.



Hoxe Peleteiro é máis ca unha atleta: é unha lenda viva. Unha muller que demostrou ao mundo que se pode ser nai, campioa, galega e eterna. Que desde unha vila como Ribeira se pode conquistar o planeta con talento, traballo e corazón. Ana non salta só pola gloria. Salta pola súa filla. Salta pola súa xente. Salta por Galicia. E cando o fai, o mundo enteiro contén a respiración.

TODO TIPO DE TRABAJOS EN CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC

CAG VENTANAS

VISITA NUESTRA

EXPOSICIÓN EN NEGREIRA

www.cagventanas.es Avda. das Brañas, 51 - 15830 Negreira - A Coruña 633 06 99 81



JESSICA BOUZAS: O FLORECER DUNHA ESTRELA

A de Vilagarcía consolídase na elite cun tenis valente e un crecemento que xa intimida no circuito.

Hai xogadoras que se abren paso no circuíto coma un lóstrego. E hai outras que xermolan coa paciencia de quen sabe que as flores máis resistentes tamén son as máis fermosas. Jessica Bouzas, filla do vento e da ría de Arousa, pertence a este segundo grupo. Non comezou o ano entre vitorios, pero mentres outras se desesperaban, ela miraba as súas mans, apertaba forte os cordóns das zapatillas e seguía adestrando.

Porque Jessica non se detén. Nin nas derrotas nin nos días de vento en contra. Adestra sen descanso, loita cada punto coma se nel se agochase unha final, e fixo da terra batida un lugar onde volver a atoparse. A un mes de Roland Garros, o seu estado de forma non só impresiona: impón respecto. En Rouen, eliminou con valentía a Gracheva e á mismísima Maria Sakkari, des-

pregando un tenis sólido, valente, fermoso na súa intensidade. En cuartos, caeu ante Svitolina, si, pero deixando destelos de maxia, coma ese passing shot sen mirar que celebrou o mundo enteiro.

Días antes, coa camiseta de España na Billie Jean King Cup, liderou ao equipo cunha madurez impropia da súa idade, vencendo a xogadoras de talla mundial como Haddad Maia e Noskova. Fíxoo en silencio, sen estridencias, como fai todo: deixándose a pel na pista.

Jessica Bouzas xa non é só unha promesa. É presente en plenitude, é primavera na raqueta, é o sorriso que anuncia que algo grande está por chegar. E as súas rivais sábano: Vilagarcía deu ao tenis unha loitadora incansable que chegou para quedar.

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACIÓN E ASESORAMENTO
DE EMPRESAS

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E | 36400 O PORRIÑO (Pontevedra)
Telf.: 986 33 82 90 | Fax: 986 34 43 87



CARLOS CANAL, O TALENTO DE XINZO QUE NON DEIXA DE MEDRAR

O ciclista ourensán consolídase no pelotón internacional co Movistar Team e afronta un 2025 cheo de retos.

Con só 23 anos, Carlos Canal continúa a súa progresión imparable no ciclismo profesional. Natural de Xinzo de Limia (Ourense), o galego vive neste 2025 un dos momentos máis sólidos e prometedores da súa traxectoria, afianzado no equipo Movistar Team, co que renovou recentemente ata o ano 2028. Un xesto que demostra a confianza que a estrutura telefónica deposita nun corredor que combina forza, intelixencia táctica e unha enorme marxe de mellora.

A tempada comezou cedo para Canal, cunha primeira toma de contacto en Australia no Critérium Villawood Men's Classic, antes de regresar á súa terra para disputar O Gran Camiño, a carreira galega por excelencia. "Gustaríame gañar aquí, diante da miña xente", confesaba antes da saída, nunha edición na que traballou ao servizo do líder ecuatoriano Jefferson Cepeda pero onde tamén deixou pinceladas da súa ambición.

En marzo, Canal afrontou a Milán-San Remo, un dos cinco monumentos do ciclismo mundial, cun 31º posto que mellora o seu rexistro previo. Tamén brillou na Clásica Jaén Paraíso Interior, cun notable 8º posto, confirmando que se trata dun corredor polivalente e moi competitivo en escenarios esixentes.

O seu calendario para os próximos meses promete emocións fortes. Canal prevé competir nalgunha das grandes clásicas das Ardenas, como a Liexa-Bastoña-Liexa, e non se descarta a súa inclusión nalgunha grande volta por etapas, incluída unha posible participación na Volta a España.

A nivel internacional, o Movistar Team aposta por un calendario ambicioso neste 2025, con máis de cen carreiras repartidas por máis de vinte países, o que converterá ao de Xinzo nun habitual das estradas europeas. Ademais, Canal apunta tamén aos campionatos estatais, europeos e mundiais, segundo a súa evolución e o criterio dos seleccionadores.

O rapaz que de neno destacaba no ciclocross polas corredeiras da Limia está agora entre os grandes. Carlos Canal é presente e futuro, e Galicia, que tanto entende de esforzo e sacrificio, séntese orgullosa de telo no pelotón mundial.



CASIANO

FONTANERÍA TAMEGA, S.C.

REPARACIONES · REFORMAS · MANTENIMIENTOS

C/ Río Tamega, 25 - Bajo - 32001 - Ourense

Tlf. 988 546 052 - Móvil. 639 891 170

casianofontaneriaslu@gmail.com

fontaneriatamegasc@gmail.com



WWW.JLPUBLICACIONES.COM

GALICIA SPORT - 61

CICLISMO - VOLTA A ESPAÑA



GALICIA PREPÁRASE PARA VIBRAR COA VOLTA A ESPAÑA 2025

Tres etapas con acento galego marcarán o pulso da terceira semana de carreira. A nosa terra será decisiva.

A emoción do ciclismo de elite volverá percorrer as estradas galegas o próximo mes de setembro coa chegada da Volta a España 2025. Galicia será protagonista durante tres etapas intensas e decisivas, ofrecendo unha oportunidade única para que os afeccionados disfruten de preto do espectáculo da serpe “multicolor” e sintan o pulso da gran rolda española.

A festa comezará o domingo 7 de setembro coa Etapa 15, que unirá A Veiga (Ourense) con Monforte de Lemos (Lugo). Serán 167 quilómetros de media montaña, con paisaxes interiores, bosques e estradas reviradas que convidan ás escapadas e aos ataques valentes. O terreo galego promete espectáculo e movementos tácticos nunha xornada con sabor a clásica.

Tras a xornada de descanso, o martes 9 chegará unha das etapas máis belas e esixentes desta edición: a Etapa 16, entre Poio e Mos (Castro de Herville), na provincia de Pontevedra. Un percorrido de 172 km con catro portos

puntuables e unha segunda metade especialmente rompepernas. O público galego poderá gozar dunha etapa ideal para aventureiros, onde as fugas terán opcións reais de éxito e os favoritos non poderán despistarse.

O trío de xornadas con esencia galega pecharase o mércores 10 coa Etapa 17, que partirá de O Barco de Valdeorras (Ourense) e rematará no Alto de El Morredero, xa en León. Aínda que a meta estea fóra da nosa terra, os primeiros quilómetros da etapa volverán percorrer Galicia, despedíndose entre montañas e vales antes dunha subida final que pode marcar diferenzas.

Con este triplo paso pola nosa comunidade, Galicia consolídase como escenario ideal para o ciclismo de máximo nivel. O público xa se prepara para encher cunetas, portos e vilas, animando como sempre con bandeiras, camisolas e berros de paixón. Porque a Volta a España non é só unha carreira: é unha festa que nos une a todos.



 652 825 814

 fontaneriajorge@yahoo.es

 Fontaneria Jorge

 Guindeiras, 38 Bajo - 32350 - A Rúa (Ourense)





MIGUEL ÁNGEL VILCHEZ LIDERA O BO MOMENTO DO VISIT PONTEVEDRA

Gran tempada en liga e ouro estatal para unha entidade que non deixou de medrar nos últimos anos.

O tenis de mesa galego está de noraboa. O Visit Pontevedra —denominación deportiva do Club Tenis de Mesa Monte Porreiro por motivos de patrocinio— está protagonizando unha tempada para enmarcar, tanto na máxima categoría do deporte estatal como nas competicións individuais. O club pontevedrés é actualmente sexto clasificado na Superdivisión masculina, un posto de privilexio que mesmo abre a porta á clasificación para competicións europeas, dependendo das decisións finais da entidade e do seu orzamento para a vindeira tempada.

Vílchez, novo campión de España


Alén da competición ligueira, os éxitos individuais confirman o excelente momento que vive o club. Miguel Ángel Vilchez proclamouse campión de España absoluto na categoría individual masculina, tras un brillante torneo no que superou a Norbert Tauler en cuartos, ao histórico Carlos Machado en semifinais e a Juan Pérez na final cun contundente 4-1. Un título que o sitúa

na elite do tenis de mesa estatal e que dá visibilidade ao traballo dun equipo que combina talento e estrutura.

A canteira tamén responde

A aposta pola canteira tamén deu os seus froitos nos Campionatos de España disputados en Tarragona. Jiaqi Guo logrou o ouro na categoría infantil feminina, mentres que India Rosalía Franco acadou a medalla de prata en benxamín feminina. Dúas promesas que amosan que o futuro do Visit Pontevedra tamén vén cargado de ilusión.

O club, que representa con orgullo á cidade e conta co apoio institucional, está a vivir un dos momentos máis doces da súa historia. A clasificación europea sería o broche soñado para unha tempada de crecemento e consolidación, aínda que a súa participación final dependerá do encaixe orzamentario. Sexa como for, o Visit Pontevedra xa gañou algo moito máis valioso: o respecto e a admiración de todo o panorama nacional.



RODRIGO GERMADE FÓRA DO MUNDIAL: CANDO O CRONÓMETRO PESA MÁIS CÁ PERSOA

A súa exclusión reabre o debate sobre saúde mental no deporte de elite e deixa en mal lugar á Federación.

Rodrigo Germade non estará no vindeiro Mundial de piragüismo. O dobre medallista olímpico, un dos nomes máis importantes do piragüismo español na última década, quedou fóra da selección tras non superar o selectivo nacional. Ata aquí, unha nova puramente deportiva. Pero detrás do resultado hai unha historia que fala de saúde mental, de falta de empatía institucional e dunha maneira de xestionar o alto rendemento que merece máis dunha reflexión.

Unha volta contra o reloxo... e contra todo

Despois dos Xogos Olímpicos de París 2024, onde Germade conquistou un bronce co K4, o galego entrou nun período de esgotamento físico e emocional. Ansiedade, depresión e a necesidade de parar. No canto de empurralo a seguir sen estar preparado, o seu entorno máis próximo —o seu adestrador, a súa xente— apoiouno para deterse. Volveu adestrar cando puido, en novembro, con apenas tres meses e medio para preparar o selectivo.

O resultado foi digno: quedou a tan só oito décimas de meterse na final A. Pero non foi suficiente para unha federación que premia o cronómetro sen matices e que aplicou uns novos criterios de selección que castigan as traxectorias, os contextos persoais e a experiencia.

Unha federación que non escoita

“Desfixéronme como se fose unha bolsa do lixo”, chegou a declarar Germade tras coñecer a súa exclusión. Non recibiu nin unha soa chamada do presidente da Real Federación Española de Piragüismo. Tampouco do director técnico. Ningunha mostra de preocupación, de proximidade, de interese. Para un deportista que deu medallas, títulos mundiais e europeos: silencio absoluto. Para un ser humano que pediu axuda: ausencia total.

Nos últimos tempos, a federación xa recibira críticas por parte de deportistas como Teresa Portela. Pero o de Germade marca un antes e un despois: un campión olímpico que sofre por dentro, intenta volver, e atópase cunha porta pechada sen explicación máis alá do “non deches a marca”.

O deporte de elite tamén necesita humanidade

A situación de Germade deixa ao descuberto unha realidade incómoda: o deporte español segue sen saber tratar con madurez os problemas de saúde



mental. Mentres noutros países xa existen protocolos, atención psicolóxica especializada e espazos de diálogo entre federacións e deportistas, aquí a resposta institucional é o baleiro.

Fálase de rendemento, pero... ¿quen mide o esforzo de volver tras unha depresión? ¿Como se valora o traballo dun deportista que tenta reconstruírse despois do abismo? No caso de Germade, nin se valorou nin se escoitou.

Mirando ao futuro

Malia o golpe, Rodrigo Germade non se rende. Valora formar un K2 xunto a Marcus Cooper, outro xigante do piragüismo que tamén foi apartado. Xuntos xa foron campións do mundo. Agora poderían ser algo máis: símbolo da resistencia, do dereito a parar e volver, do deporte con alma.

Porque ao final, Germade non só quedou fóra do Mundial. Quedou fóra dun sistema que debería protexelo. E iso, máis alá do deportivo, debería acender todas as alarmas.

Bodeguilla Taparía Laro

Gran variedade en Tapas y Comidas
Menú del día
Con una selección de los mejores vinos

San Rafael Pereiras Mos - Carretera Porriño - Gondomar, Km.1
T. 986 334 616



BAXI FERROL: A TEMPADA DA ILUSIÓN INFINITA

A entidade está a asinar unha das mellores campañas da súa historia e xa soña con máis fazañas.

Hai tempadas que non se contan en títulos, senón en emocións. En noites que quedan gravadas, en bágoas que saben a orgullo e en soños que, por un intre, pareceron posibles. A do Baxi Ferrol 2024/25 será lembrada así: como unha viaxe marabillosa ao corazón do que é o deporte cando se vive desde a alma.

O equipo de Lino López non só compite: emociona, sorprende e, sobre todo, une. Ferrol e toda Galicia latexan ao ritmo dos seus partidos. Porque este Baxi está a asinar unha das mellores tempadas da súa historia, alcanzando por primeira vez a final da EuroCup Women. E faíno con valentía, cun xogo brillante e co corazón por bandeira.

Caeron ante o ESB Villeneuve francés nunha final dura, cun marcador global de 162-145. En A Malata, co apoio dunha cidade enteira, loitaron ata o último balón (75-78), e en Francia resistiron con dignidade (84-70) ante un cadro moi poderoso. Foron segundas de Europa, pero primeiras no corazón de milleiros de seareiras e seareiros.

A esa fazaña continental súmase unha Liga Endesa que tamén está a ser moi meritosa. O Baxi finalizou a fase regular na oitava posición, clasificándose para o play-off e alcanzando así unha nova meta nunha campaña xa especial por dereito propio. Agora agarda o reto do Uni Girona, un dos grandes da competición, e con el a ilusión de seguir soñando.

Nomes como Blanca Millán, Claire Melia, Àngela Mataix ou Moira Joiner deixaron noites para o recordo. Xogadoras que se fixeron grandes nun equipo sen estrelas, pero cheo de luz. Claire Melia, en concreto, converteuse na primeira irlandesa en disputar unha final europea de clubs. E tamén foi elixida MVP do mes de marzo. Nada é casualidade cando o traballo é constante e a fe, inquebrantable.

No Cantón de Molíns, centos de persoas xuntáronse para ver a final polo entorchado continental. As pantallas non proxectaban só un partido: reflectían o soño dunha cidade que cre. Porque Ferrol non é só un enclave naval ou industrial. Ferrol tamén é baloncesto. E este equipo devolveu esa identidade con forza.

As recepcións institucionais xa tiveron lugar: no Concello de Ferrol, na Deputación e na Xunta. En cada unha delas repetíuse a mesma mensaxe, sincera e unánime: grazas. Grazas por crer, por competir, por emocionar. Grazas por representar a Galicia con entrega e dignidade. O Baxi Ferrol non só fixo historia; deixou unha pegada imborrable en todo un país.

Porque hai xestas que non precisan unha copa para brillar. Esta tempada demostrou que o deporte, cando nace da paixón e se xoga coa alma, pode facer feliz a unha cidade enteira. E esa felicidade, ese orgullo compartido, é xa o maior dos títulos.



TU PARQUE INFANTIL MÁS DIVERTIDO

**CUMPLEAÑOS, MESAS DULCES
TALLERES EN VACACIONES ESCOLARES**

Lunes a Domingo de 17:00 a 20:00 y
viernes y sábado de 16:30 a 19:30
Cumple de noche de 20:00 a 22:15
Y sábados y domingos por la mañana de 11:00 a 14:00



☎ 881 931 050 ☎ 607 552 864

✉ parqueinfantilburbujas@gmail.com

🌐 www.parqueinfantilburbujas.com

📍 Avda. Cataluña, 23-25 - 15570 Narón



WWW.JLPUBLICACIONES.COM

GALICIA SPORT - 65

VOLEI PRAIA - CLUB VOLEI PRAIA VIGO



O CLUB VOLEI PRAIA VIGO ACELERA COS SEUS DOUS EQUIPOS

Dobrete de vitorias que impulsa ao conxunto olívico cara ao treito decisivo da Liga Nacional de Volei Praia.

Os dous equipos do Club Volei Praia Vigo manteñen vivas as súas opcións de clasificarse para a Fase Final da Liga Nacional de Volei Praia 2025, tras sumar importantes vitorias na pasada xornada. A entidade viguesa, fundada en 2007 e referente galego na disciplina, consolida así o seu papel como un dos clubs máis sólidos e activos do panorama estatal.

O equipo feminino impúxose como local ao debutante Las Rozas, sexto clasificado, cun resultado de 7-0 que podería parecer rotundo, pero que agocha unha gran igualdade: ata catro dos partidos resolvéronse no tie-break, amosando o carácter e a resistencia das xogadoras do club olívico.

Pola súa banda, o conxunto masculino asinou unha das grandes sorpresas da fin de semana ao impoñerse por 3-4 nas Canarias ao Net7, segundo clasificado e aspirante ao título. A baixa do internacional Javier Huerta foi importante para que os vigueses, cun xogo sólido e decidido, superasen a un rival no que milita, ademais, o tamén vigués Nathan Matos.

Con estes resultados, o equipo masculino ten practicamente asegurada a súa presenza na fase polo título e poderá afrontar sen presión a última xornada ante o pechacancelas, Switch Volley. Pola contra, o equipo feminino está

obrigado a gañar ao Benidorm e depender de que o enfrontamento directo entre os seus dous perseguidores —Switch Volley e CDV Braveheart GC— lle sexa favorable.

Un club con sede en Castrelos e un traballo formativo clave

O Club Volei Praia Vigo ten a súa sede na Avenida de Castrelos, en Vigo, e destaca tanto polo seu traballo competitivo como pola súa labor formativa e social. A través da súa escola deportiva, ofrece formación en volei praia para todas as idades e niveis, tanto para quen se inicia como para quen busca competir ao máis alto nivel.

Ademais da súa presenza habitual na Liga Nacional de Volei Praia (LNVP), o club organiza torneos e actividades abertas ao público, fomentando un modelo de deporte participativo, inclusivo e estreitamente vencellado ao contorno natural das praias galegas.

Con paixón pola area e orgullo pola súa camiseta, o Club Volei Praia Vigo segue a construír historia. E nesta tempada, a Fase Final téñena máis preto ca nunca, e ademais por partida dobre. Palabras maiores.

JUAN ELOY CASTRO CAMPOS

AUX. TRAUMATOLOGÍA - MASAJISTA

Tratamientos Corporales

Momentos de relax, de serenidad... De cuidarse y ser cuidado.

Momento para rejuvenecer y revitalizarse. Momentos de calma y bienestar

LEÓN, 16 | ESCULTOR NOGUEIRA, 7 | VIGO | 986 261 666 - 986 253 133
www.eloycastro.com | eloycastro@eloycastro.com | info@eloycastro.com



RADIO ESTADIO

EDU GARCÍA

SÁBADO
DE 15:30 A 1:00
DOMINGO
DE 15:00 A 1:00



EL DEPORTE EN VIVO

EMOCIÓN Y ESPECTÁCULO PARA
DISFRUTAR DE LA RADIO.



TU RADIO

Toy Sex Shop

La juguetería de los adultos al mejor precio

LOS MEJORES PRECIOS DE VIGO

POR CUALQUIER COMPRA

REGALO GRATIS

ó 20 % dto. con este anuncio



Si encuentras el mismo producto más barato en otra **TIENDA ERÓTICA FÍSICA DE VIGO** te hacemos un **30%** Sobre su precio

C/Príncipe, 22 - 1º (Galerías) - VIGO  **Subiendo las escaleras, 1ª PLANTA**



Se Admiten
Mascotas



www.toysexshop.es



PRETTY LOVE



SHUNGA
EROTIC ART

Libid TOYS



Por compras superiores a 25€

*Calvario
despierta
a la
primavera*



**MERCADO
DO CALVARIO**



**CARNICERÍA
Ángela**

**Tel. 655 62 67 51
Mercado del Calvario - VIGO**



Calvario despierta a la primavera



- BOCATAS • HAMBURGUESAS
- PLATOS COMBINADOS
- VIERNES DÍA DE LAS HAMBURGUESAS + BEBIDA
- SÁBADO DÍA DEL CERDO + BEBIDAS

CHURRERÍA EL 31

RÚA CATALUÑA 3 VIGO
622 129 893



Feitizos do Vento

• Perfumes • Jabones • Aceites ...



Perfumes inspirados
en grandes marcas
desde 6,90€ (50ml)



Lámparas de Sal del Himalaya
encargue el modelo y el peso que desee



FeitizosDoVento-www.perfumesparecidos.com Urzaiz, 145 Vigo | T.: 680 19 41 73 - 687 831 877

Candela
cafetería-cervecería-viños

Tapas, bocadillos
y el mejor
menú del día



c/José Antela Conde, 4-baixo 2 · 36205 Vigo
Tlf.: 886 112 108

DANI BERDOMÁS REINA EN NOIA E CONSOLIDA O SEU GRAN MOMENTO DEPORTIVO

O coruñés impúxose con autoridade no Rallye Berberecho e mete medo no Campionato de Galicia.

A terceira cita do Campionato Galego, o tradicional Rallye Berberecho de Noia, tivo como gran protagonista a Dani Berdomás, que xunto a Brais Mirón asinou unha vitoria incontestable. Ao volante do Hyundai i20 N Rally2, a dupla coruñesa marcou o ritmo desde o primeiro tramo do sábado, imponendo a súa lei ao longo dun percorrido técnico e esixente.

Cun tempo final de 59:34.615, Berdomás selou unha das súas actuacións máis destacadas no certame autonómico, consolidando o seu nome entre os grandes e confirmándose como un dos pilotos máis en forma do automobilismo galego actual.

O abandono inesperado de Senra e Moncho López

A competición estivo marcada pola retirada prematura dunha das parellas favoritas ao triunfo. Víctor Senra e Moncho López víronse obrigados a abandonar no segundo tramo cronometrado por problemas eléctricos no seu Hyundai i20 WRC. A súa saída de carreira allanou o camiño para que Berdomás e Mirón puidesen xestionar con tranquilidade a súa vantaxe durante o resto do rallye.

Meira e Caamaño completaron o podio

A segunda posición foi para Alberto Meira e Avelino Martínez, cun rendemento constante e eficaz ao volante do seu Skoda Fabia R5, finalizando a 19,3 segundos dos gañadores. O terceiro chanzo do podio ocupouno Iago Caamaño, que regresaba ao campionato autonómico xunto a Alberto Rodríguez, estreando un Citroën C3 Rally2 con boas sensacións.

O alto nivel competitivo da proba e a participación de 156 equipos ofreceron un espectáculo automobilístico de primeiro nivel, con condicións meteorolóxicas favorables e unha notable afluencia de público ao longo dos tramos da contorna noiesá.

Un piloto en estado de graza

Este triunfo en Noia non fai máis que confirmar o excelente estado de forma de Dani Berdomás, que tamén comezou con forza a súa andaina no Campionato de España de Rallyes de Asfalto (CERA). Na proba inaugural do certame nacional, o piloto coruñés logrou un brillante terceiro posto, só superado por



outro galego como Jorge Cagiao e por un destacado piloto canario como Enrique Cruz, o que demostra a súa capacidade para render tamén a nivel estatal. O momento que atravesaba Berdomás é, sen dúbida, un dos máis doces da súa carreira deportiva, e o seu rendemento tanto en Galicia como fóra dela comeza a situarlle como un dos referentes do panorama dos rallyes en España.

Próxima parada: Rally Mariña Lucense

O Campionato Galego continúa o seu curso coa mirada posta na próxima proba puntuable: o Rallye Mariña Lucense, previsto para os días 9 e 10 de maio. Con esta vitoria en Noia, Dani Berdomás afianza a súa candidatura e preséntase como un dos grandes rivais a bater nunha tempada que promete fortes emocións e unha boa loita polos postos de honra.

J. REDONDO, S.L.
REPARACIÓN INTEGRAL DEL AUTOMÓVIL
TALLER MULTIMARCA - VENTA DE VEHÍCULOS
WWW.TALLERESJREDONDO.COM

C/ Agro das Mozas nº 32
15230 OUTES (A Coruña)

981 850 381
616 342 915
Redondo: 654 550 515
Martín: 685 963 523

EURO REPAR
CAR SERVICE

RECUPERACIONES

DESGUACE Y RECAMBIOS
COMPRA Y RECOGIDA DE TODO TIPO
DE VEHÍCULOS
TRAMITACIÓN DE BAJAS
CENTRO AUTORIZADO VFU
Código: SC-RP-P-XV-09362

recanjirecambios_15180
JOSÉ ESPRONCEDA, NAVE 21 - ALVEDRO - CULLEREDO - 15180
recanjirecambios@gmail.com 659 791 920

performance

REPARACION Y ACTUALIZACION DE CENTRALITAS - DIAGNOSIS OFICIAL MULTIMARCA -
REPROGRAMACIONES - LLAVES Y MANDOS DE AUTOMOVIL - AYUDA Y SOPORTE TECNICO

www.dcperformance.es
@dcperformance.dca
dcperformance.dca@dcperformance.es 687 022 540

Autoservicio Pravio
en Cambre

Tienda que cuenta con servicio de charcutería, carnicería y frutería con
verduras y hortalizas frescas, despacho de pan, vinos y licores, conservas,
lácteos, legumbres, arroces, aceites, bebidas, etc.

646 282 033

Fabas, 18 - PRAVIO - 15668 - Cambre (A Coruña)

A MARIÑA ENTRA EN TRAMO CRONOMETRADO

Senra é o gran favorito, mentres Berdomás e Meira xoganse moito na loita polo Supercampionato R5.

OVII Rallye Mariña Lucense xa está en marcha. Do 9 ao 11 de maio, a co-marca lucense acollerá unha das probas máis agardadas do Campionato Galego de Rallyes, con sede en Viveiro e un itinerario que percorrerá varios concellos da zona como Xove, Cervo, O Vicedo, Oulol e Muras. A cita será puntuable, ademais, para o Trofeo Deputación de Lugo e a Copa Supercampionato R5, engadindo máis alicientes a unha proba que promete emoción desde o primeiro tramo.

O percorrido total será de 283,76 km repartidos en dúas etapas e cinco seccións, con tramos cronometrados sobre asfalto e estradas pechadas ao tráfico. A cerimonia de saída terá lugar o venres 9 pola noite na Avenida da Mariña, e a acción nos tramos concentrarase durante todo o sábado 10, finalizando coa entrega de premios ás 23:30 h.

Senra, o rival a bater... cunha arma doutro nivel

O gran favorito volve ser Víctor Senra. O piloto de Dumbriá, ao volante do seu habitual Hyundai i20 WRC, chega á Mariña como referencia indiscutible, non só polo seu palmarés, senón pola superioridade mecánica do seu vehículo fronte ao resto da grella. A súa participación cun WRC, un coche que xoga noutra liga respecto dos demais, complica seriamente as aspiracións ao título de pilotos como Dani Berdomás ou Alberto Meira, que compiten con vehículos Rally2.

Berdomás vs Meira: un duelo clave polo Supercampionato R5

A loita pola Copa Supercampionato R5, que agrupa aos principais pilotos con vehículos Rally2, está ao vermello vivo. Dani Berdomás chega lanzado tras a súa gran vitoria en Noia e un inicio de tempada brillante tanto en Galicia como no CERA. En fronte, un Alberto Meira sempre competitivo e con experiencia de sobra neste tipo de terreos.

Ambos saben que, cun Senra case inalcanzable a efectos de campionato galego, o seu duelo particular pode ser determinante para o título do Supercampionato R5. Unha batalla na que cada tramo, cada segundo e cada scratch contan.

Novos nomes e promesas no cartel

O Rallye Mariña Lucense será tamén escenario do debut de novas promesas,



como o mozo ourensán Rubén Castillo, que competirá dentro da Sandero Eco Cup Galicia grazas ao programa "Motir Futuro" da Deputación de Ourense. A bordo dun Dacia Sandero, a súa participación reflicte o bo momento do automobilismo base galego.

Tramos técnicos, público entregado e un entorno único

A combinación de tramos técnicos, estradas rápidas entre bosques e zonas urbanas, xunto cun público fiel e entregado, converte o Rallye Mariña Lucense nunha das citas máis espectaculares do calendario. Viveiro volverá ser o centro neuráxico da proba, co Pavillón Municipal como parque de asistencia e epicentro do evento.

O espectáculo está garantido

Con Senra marcando o ritmo desde arriba e a tensión entre Berdomás e Meira medrando tramo a tramo, o rallye promete unha xornada vibrante. Ademais, a lista de inscritos —que se dará a coñecer días antes do evento— volverá reflicir a boa saúde dun campionato galego que vive unha das súas mellores etapas.

Pedro Calvo

TALLERES

Lamela (San Pedro de Eume)- As Pontes (A Coruña)



981 459 419
659 586 501



pedroeume@hotmail.com



NARÓN AVANZA CARA AO ESPECTÁCULO

O 37º Rallye Cidade de Narón reunirá boa parte do talento nacional nunha cita clave do Campionato de España de Rallyes de Asfalto (CERA-Recalvi).

Oruído dos motores volverá encher de vida as estradas da comarca ferrolá os días 23 e 24 de maio coa celebración do 37º Rallye Cidade de Narón. Organizado pola Escudería Siroco, o evento é xa un clásico dentro do calendario nacional e unha das probas máis carismáticas do norte de Galicia. A súa inclusión no Campionato de España de Rallyes de Asfalto (CERA-Recalvi) dálle peso competitivo e prestixio, atraendo a algúns dos mellores equipos do país.

Dous días, dez tramos e un obxectivo: ser o máis rápido

O rallye artéllase arredor de dúas xornadas intensas. O venres 23 abrírase coas

verificacións técnicas no Polígono Río do Pozo e unha cerimonia de saída que volverá encher de cor o entorno do Centro Comercial Odeón. Será a antesala perfecta para a acción cronometrada do sábado 24, cando os equipos afrontarán os dez tramos previstos, distribuídos en catro seccións que sumarán un total de 111,38 quilómetros contra o reloxo.

Especiais como "As Barbelas", "A Queira", "San Pedro" ou "Pedroso" configuran un percorrido tan técnico como rápido, pensado para poñer a proba a destreza de pilotos e copilotos sobre o asfalto galego. Con dobre pasada a cada tramo, a esixencia será máxima.



T.: 981 907 731 - 620 405 418

C/ Eusebio da Guarda, 9 Baixo · 15007 A Coruña



A Roldana

HOTEL - RESTAURANTE

Rúa Bernardo Romero, P3-S2, 15540 Narón (A Coruña)

Tel.: 981 382 853 · 672 429 566

info@laroldanadelpozo.com www.laroldanadelpozo.com





Narón, unha praza fiel ao automobilismo

Alén do estritamente deportivo, Narón é sinónimo de paixón polos rallyes. Ano tras ano, o municipio e a súa contorna ofrecen unha resposta exemplar, tanto no organizativo como no humano. O parque pechado volverá situarse no Centro Comercial Odeón, mentres que o parque de asistencia estará operativo en Río do Pozo. Dous espazos perfectamente conectados cos tramos e pensados para ofrecer comodidade a equipos, medios e afección.

Unha cita con esencia galega e vocación estatal

O Rallye Cidade de Narón consolidouse como unha proba con sabor propio. Aínda que está plenamente integrada no calendario estatal, conserva ese aroma local que fai que o público se bote ás beiras da estrada con devoción e que os tramos se vivan como unha festa. A presenza de nomes importantes do campionato nacional, así como de escuadras galegas con talento emerxente, asegura unha competición reñida, cargada de emoción e ritmo.

Todo preparado para unha nova edición de alto nivel

Con dez tramos cronometrados, máis de 110 quilómetros de loita sobre o asfalto e unha organización sólida detrás, Narón dispónse a escribir outro capítulo destacado na historia recente do rally nacional. A emoción, como sempre, está garantida.

Cagiao, líder sólido do CERA tras o seu dominio en La Llana

O Campionato de España de Rallyes de Asfalto (CERA-Recalvi) chega a Narón coa clasificación encabezada por un piloto naronés, Jorge Cagiao, o que enche máis aínda de euforia a todos os afeccionados locais. O piloto do Alpine Recalvi Rally Team, acompañado por Javier Martínez, impúxose con autoridade na proba inaugural do certame: o 26º Rallye La Llana, celebrado en Cataluña. Ao volante do novo Alpine A110 GT+, Cagiao dominou a carreira desde o primeiro tramo e asinou a súa segunda vitoria consecutiva nesta cita. O resultado permite consolidar o seu liderado e sitúalo como o gran rival a bater nesta tempada, na que aspira a revalidar o título nacional con solvencia.



VO FERROL

Vehículos de Ocasión





POR QUE TODO O MUNDO SEGUE FALANDO DE R5 SE AGORA SE CHAMAN RALLY2?

Seguro que algunha vez oíches nun rally iso de “Mira, un R5!” cando pasa voando un Skoda, un Citroën ou un Hyundai. Pero... sabías que oficialmente xa non se chaman así? A explicación é curiosa e ben merece unha páxina.

Orixe do nome R5

No ano 2013 a FIA creou unha nova categoría de coches de rallyes chamada R5. O obxectivo era claro: coches de tracción total, potentes (280-300 cv) pero máis baratos e accesibles que os WRC.

O nome R5 viña de “Regulamento FIA” + Categoría 5. Simple, técnico... e fácil de lembrar.

Estes coches convertéronse nos reis dos campionatos nacionais e europeos. En España foron os grandes protagonistas do CERA e do CERT durante anos.

Que pasou despois?

En 2020 a FIA decidiu modernizar os nomes das categorías e facer unha pirámide máis clara. Así nacía oficialmente o nome Rally2. Pero claro... o público xa estaba acostumado a dicir R5. E contra iso non hai norma que poida.

E iso de Evo e RS Rally2?

Ademais, para complicar un pouco máis as cousas, os fabricantes van sacando versións melloradas dos seus coches.

Por exemplo:

- Skoda Fabia R5- Primeiro modelo.
- Skoda Fabia R5 Evo- Evolución mellorada.
- Skoda Fabia RS Rally2- Última xeración co nome oficial actual.

Pasa igual con Citroën, Hyundai ou Ford.

Entón... ¿Como o chamo?

Moi fácil: oficialmente son Rally2, pero na linguaxe de rally de toda a vida, todo o mundo segue dicindo R5. Non está mal dito. É un apelido que quedou para sempre gravado na memoria dos afeccionados.

Como dicimos sempre nos rallyes: as normas están ben... pero as tradicións pesan máis.

NS MOTORSPORT MADRID
Ctra. de Loeches, n.º 111
28850 Torrejón de Ardoz
MADRID

NS MOTORSPORT LUGO
Rúa da Margarida, n.º 62
27003 LUGO

**DISPONEMOS DE TIENDA FISICA EN LUGO Y EN MADRID
TODO PARA EL MUNDO DE LA COMPETICIÓN
VISITA NUESTRA WEB WWW.NSMOTORSPORT.ES
SIGUENOS EN REDES SOCIALES Y ENTERATE DE TODO**

GRUPO PUENTEVEA

Residencia Puentevea

A 15 min. de Santiago



30 años al servicio de los mayores

- Servicio de Médico y enfermería
- Fisioterapia y Rehabilitación
- Podología
- Servicio Religioso
- Cocina Propia
- Animación Sociocultural
- Atención Psicología y Social
- Lavandería
- Análisis Clínicos y Sintrom



Tel.: 981 809 158

www.residenciapuatevea.com





• HAMBURGUESAS • PREMIUM PARA GOURMETS

CACHENA
TENREIRA
VACA
PORCO CELTA
POLO



CHAMA
AGORA 
981 741 017



pcdominguez.com

Estas fotografías
representan suxestións
de presentación.



Dominguez sabe máis